Non se considera apropiado priorizar con carácter xeral e permanente no acceso a un grupo determinado dado que as circunstancias que recomendan a priorización deben ser valoradas caso a caso. Sen prexuízo do anterior o artigo 27 do anteproxecto xa prevé programas específicos orientados á incorporación no mercado laboral de nais e pais nunha situación de vulnerabilidade.

- *Artigo 34 Axudas para a mellora das vivendas*

A este artigo achegan alegacións as entidades AGAFAN, MSPE, COGAMI e EAPN nas que solicitan establecer unha reserva de vivendas de tamaño superior (120 m2) en todas as promocións de protección oficial; que se aplique un trato diferenciado a familias con nenos/as ou persoas dependentes e en especial para as familias numerosas e monoparentais, e especificamente para as familias monoparentais en orixe.

Acéptase a alegación e modifícase o artigo no sentido proposto salvo no que se refire a especificar a causa que deu lugar á monoparentalidade e ao establecemento dunha cota de reserva de vivendas para o tamaño solicitado pois a Lei de vivenda de Galicia xa contempla esa posibilidade.

- *Artigo 35 Apoio económico para o transporte*

A este artigo achegan alegacións as entidades COGAMI, EAPN e CEG, e solicitan a súa modificación para garantir medidas de accesibilidade tanto no acceso ao transporte coma na súa utilización, medidas de información e procesos de compra accesible para persoas con discapacidade, formación das persoas responsables da atención a usuarios/as en apoio ás persoas con discapacidade e en situación de vulnerabilidade; bonificacións para transporte regular entre localidades e no eido local; establecemento de liñas regulares ou a demanda entre medio rural e urbano e aumento de transportes adaptados e prever partidas económicas para compensación do impacto sobre os ingresos dos operadores de transporte.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Acéptase a alegación relativa ao establecemento de bonificacións para o transporte regular entre localidades e no eido local. Tamén a relativa ao establecemento de liñas regulares ou a demanda entre medio rural e urbano e aumento de transportes adaptados, modificando con esta finalidade o artigo 75.

Respecto das alegacións que fan referencia á accesibilidade non teñen cabida nun artigo que regula o apoio económico ao transporte, sen prexuízo de que este sexa xa un principio legalmente garantido.

Finalmente a previsión de partidas económicas para compensación do eventual impacto sobre os ingresos das empresas operadoras de transporte non é obxecto desta norma, estando por outra parte regulado na normativa de contratos administrativos.

- *Artigo 36 Apoio económico para o acceso á educación infantil 0-3*

A este artigo achegan alegacións as entidades ASEIGAIS, UNICEF, AGADEI, COGAMI e EAPN nas que solicitan a aplicación de bonificacións nos prezos públicos para centros privados de iniciativa social, o apoio económico para a matriculación en escolas infantís de titularidade privada por non obter praza en centros de iniciativa social, a inclusión da posibilidade de libre elección de escola infantil pública ou privada, o incremento da intensidade dos apoios e as medidas para a poboación infantil con discapacidade para garantir a igualdade de oportunidades e a non discriminación das persoas con discapacidade, o cumprimento dos requisitos de accesibilidade nos centros privados, a coordinación dos centros de educación infantil 0-3 cos recursos de atención temperá, o mantemento estable e integral das unidades de atención temperá e a garantía da inmediata universalización e a gratuidade do período de educación infantil 0-3, contemplando as parroquias, concellos ou territorios rurais sen servizos públicos desta índole e conservando os existentes.

As bonificacións nos prezos públicos correspondentes aos servizos prestados nas escolas infantís 0-3 afectan exclusivamente aos suxeitos obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo, é dicir, nais/pais e persoas acolledoras dos

CVE: LZeOLnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

nenos e das nenas en situación de alta nos centros dependentes da Consellería de Política Social. Polo que se refire á elección de escola infantil, esta é libre para as familias. Non obstante, para a obtención dunha subvención pública é necesario cumprir o requisito de ter solicitado unha praza pública en atención á correcta aplicación dos recursos públicos. Así mesmo, a intensidade dos apoios e as medidas para a poboación infantil con discapacidade obedece a múltiples factores e variables que son analizadas caso a caso, polo que unha lei non é o marco para unha determinación xenérica ao respecto. Finalmente, o cumprimento dos requisitos de accesibilidade, regulados normativamente, é obrigatorio para todos os centros con independencia da súa titularidade.

Por todo o anteriormente sinalado non proceden as modificacións solicitadas.

Respecto á demanda de universalización da educación 0-3, faise explícito no texto legal o obxectivo e tamén se atende a petición sobre atención temperá, que se regula nun artigo específico.

- *Artigo 37 Selo para establecementos amigables coas familias*

A este artigo achegan alegacións as entidades AGADEI e COGAMI para que se inclúa a esixencia de que todos os establecementos que prestan algún tipo de atención a menores cumpran os requisitos esixidos aos centros autorizados pola Consellería de Política Social e que para a obtención do selo sexa indispensable o cumprimento das condicións de accesibilidade universal.

Aténdese parcialmente o proposto recollendo na norma que a obtención do selo avalará, entre outras cuestións, a accesibilidade do establecemento. Respecto da outra alegación, o selo diríxese a establecementos comerciais e hostaleiros e polo tanto non sometidos a autorización da Consellería de Política Social. Non obstante, a norma de desenvolvemento deste artigo reflectirá todos os requisitos precisos para a súa obtención, estando os establecementos comerciais e hostaleiros sometidos ao seu cumprimento.



CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 38 Especial consideración das familias numerosas*

A este artigo achegan alegacións as entidades MSPE e EAPN nas que solicitan incluír nas destinatarias das bonificacións as familias monoparentais, un plan de choque contra a pobreza nas familias monoparentais, a colaboración coa FEGAMP e a priorización de familias en situación de vulnerabilidade.

A norma recolle na disposición adicional terceira a obriga de elaboración dun plan de apoio ás familias monoparentais onde se establecerán as distintas medidas e o seu alcance dado que ese apoio esixe un tratamento diferenciado distinto á singularidade que contempla este artigo. Ademais disto, recóllese a proposta no senso de deseñar en colaboración coa FEGAMP, no dito plan, medidas específicas no ámbito das administracións locais.

- *Artigo 39 Espazos para as familias nos edificios de uso público*

A este artigo achegan alegacións as entidades COGAMI e CEG solicitando a esixencia para os ditos espazos de condicións de accesibilidade universal e a garantía de uso cómodo e seguro e que non exista discriminación por razón de discapacidade; que se estableza un prazo para a definición técnica, configuración e condicións destes espazos.

Como excepción ao criterio xeral recóllese a alegación en canto á accesibilidade universal ao tratarse de espazos concretos de establecemento obrigatorio a partir desta lei. Non se fai referencia á definición técnica porque corresponde á normativa sobre edificabilidade.

- *Artigo 40 Reserva de aparcamento para as familias nos edificios de uso público*

A este artigo presenta alegación a entidade COGAMI na que indica a necesidade de garantir que os itinerarios ás prazas de aparcamento sexan seguros e autónomos.

Como excepción ao criterio xeral, e dado que a finalidade deste artigo é garantir precisamente a accesibilidade, acóllese a suxestión e modifícase no senso proposto.

CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 41 Bancos de leite materno*

A este artigo presenta alegación a entidade AGAM na que solicita que se aborde nel o fomento integral da lactación materna como medida de protección da saúde pública, alegación que recolle unha medida de carácter executivo que non debe ser regulada mediante lei.

- *Artigo 42 Asistencia sanitaria á reprodución*

A este artigo presentan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia e AGAM e solicitan a limitación da asistencia regulada no artigo ás mulleres e o establecemento dun protocolo de asistencia que non limite o procedemento ás mulleres maiores de 45 anos; a inclusión no artigo do potenciamento da estratexia de atención ao parto normal e as recomendacións da OMS e da natalidade dende o empoderamento da muller e a humanización da atención; da promoción dunha adecuada educación afectiva e sexual de nenos e nenas e da mocidade dende as escolas e institucións sanitarias para acadar unha sexualidade e unha vida reprodutiva saudable e da mellora da calidade da atención ás mulleres na súa vida sexual e reprodutiva.

Regular a asistencia exclusivamente para as mulleres non é posible porque a asistencia sanitaria que permite a aplicación posterior de técnicas de reprodución asistida poden necesitala homes e mulleres; respecto da non limitación da idade aos 45 anos, os supostos e condicións de acceso están establecidas na carteira do Sistema Nacional de Saúde, de carácter básico. O resto de alegacións corresponden a medidas de carácter executivo que non debe ser reguladas mediante lei.

- *Artigo 43 Criterios xerais de actuación en materia de conciliación*

A este artigo presenta alegación a entidade COGAMI solicitando a inclusión dun novo punto coa seguinte dicción:

3. A este respecto impulsarán o desenvolvemento de medidas que garantan o exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral, adecuado ás

CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

circunstancias das familias o impulso de actuacións que flexibilicen as condicións de traballo no marco da negociación colectiva e, de ser o caso, das persoas traballadoras que teñan ao seu cargo menores, persoas maiores e/ou persoas en situación de vulnerabilidade por razón de saúde e/ou calquera outra circunstancia que requira dunha atención puntual e/ou continuada, así como a regulación e promoción da adopción, do uso e desfrute de permisos para acompañamento e asistencia sanitaria ou no eido educativo de fillas, fillos, persoas ao seu cargo, maiores, así como calquera outra medida para facilitar o exercicio das ditas responsabilidades.

Respecto do impulso do exercicio corresponsable das responsabilidades familiares é o criterio xeral polo que se rexe a actuación das Administracións públicas de Galicia, conforme recolle xa o artigo. Pola súa parte, o artigo 54 refírese ao impulso de actuacións que flexibilicen as condicións de traballo no marco da negociación colectiva. Finalmente, a regulación e promoción da adopción e de permisos por responsabilidades familiares non son unha materia susceptible de tratamento no marco desta lei, en consecuencia non se acepta esta alegación.

- *Artigo 44 Defensa da maternidade e paternidade nos procedementos penais*

A este artigo presentan alegación as entidades FADEMUR e UPA propoñendo a súa eliminación.

Coa formulación legal para o exercicio da acción popular recollida neste artigo materialízase un apoio da Administración autonómica á cidadanía que se atope nos supostos indicados por ser obxecto de discriminación por maternidade ou paternidade, polo que non se acepta a súa supresión.

- *Artigo 45 Accesibilidade dos recursos e servizos de conciliación*

A este artigo achegan alegacións as entidades ASEIGAIS, AGAFAN, FADEMUR, UPA Galicia e EAPN e tratan sobre o establecemento dunha oferta de servizos de conciliación de calidade a través dos centros públicos e privados de iniciativa social sostidos con

CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

fondos públicos; a gratuidade dos libros de texto nos centros públicos e concertados e renovación dos textos cada catro cursos; a elaboración dun catálogo de recursos; o potenciamento destes recursos no ámbito rural e para as persoas que non dispoñan de transporte frecuente entre a escola e o domicilio e o aproveitamento das ludotecas dos centros cívicos e outros recursos públicos da zona para facilitar a conciliación.

A determinación de recursos e servizos concretos, que necesariamente teñen que estar adaptados ás circunstancias e contornos aos que se destinan, xa está amparada pola redacción actual do artigo e procede realizala nun documento de planificación específico e non nunha norma con rango de lei. A este respecto cómpre sinalar que medidas xa en marcha similares ás propostas, como por exemplo o programa *edixgal*, o fondo solidario de libros de texto ou os programas de campamentos de verán, son actualizadas e adaptadas de acordo ás esixencias de cada período.

- *Artigo 46 Medidas de protección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia, UNICEF, COGAMI e EAPN. As dúas primeiras propoñen a supresión do artigo para incorporalo na lei de saúde que corresponda; UNICEF indica que debe facerse unha análise na aplicación da medida para que non quede ningún neno ou nena fóra do sistema educativo; COGAMI solicita engadir a este artigo axudas ás familias de especial consideración para gastos de diversa índole. Finalmente, EAPN solicita engadir protección odontolóxica, oftalmolóxica e calquera outra que implique un gasto extra.

Este artigo obedece á necesidade fundamental de garantir colectivamente a saúde infantil polo interese superior das nenas e nenos e a súa formulación impide que a condición esixida provoque exclusións. A protección odontolóxica e oftalmolóxica son xa prestacións do sistema en idade pediátrica. O resto de propostas son susceptibles de seren tidas en conta no posterior desenvolvemento regulamentario.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 47 Educación infantil 0-3 anos*

A este artigo achegan alegacións as entidades ASEIGAIS, FADEMUR, UPA Galicia, COGAMI e EAPN solicitando a mención expresa dos centros privados de iniciativa social sostidos con fondos públicos como centros onde se van ofertar as prazas de educación infantil 0-3; a garantía de praza en escolas infantís ou outros recursos de conciliación, especialmente no medio rural e costeiro non urbano para todos os nenos e nenas e de que os nenos e nenas que o precisen conten cos recursos acordes coas súas necesidades especialmente no suposto de necesidades educativas especiais; garantir a universalización e gratuidade desta etapa educativa.

Modifícase o texto do artigo para inserir expresamente o obxectivo da universalización e gratuidade así como recursos para a permanencia e promoción nesta etapa educativa; respecto do resto de alegacións a redacción actual do artigo xa dá cobertura ao proposto.

- *Artigo 48 Atención das necesidades puntuais de conciliación*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia, UNICEF, COGAMI e EAPN nas que solicitan a inclusión da obriga de deseño de programas de apoio e atención á infancia e ás persoas dependentes no medio rural e costeiro non urbano que teña en conta as especiais necesidades de conciliación no sector agro-gandeiro e marisqueiro; facilitar o acceso a estas medidas simplificando a carga burocrática e velar por que as persoas que presten estes servizos teñan a formación necesaria; habilitar un recurso e programa para cubrir as necesidades de atención, no domicilio ou fóra del, das persoas con discapacidade, eliminar a promoción do voluntariado e priorizar nestes programas ás familias en situación de vulnerabilidade, en especial ás monoparentais.

A redacción do artigo xa dá cobertura para o desenvolvemento dos programas correspondentes onde se poidan atender as necesidades aludidas nas alegacións. Respecto da promoción do voluntariado na atención esporádica de necesidades puntuais de conciliación, considérase que tal como esta enunciado na norma non colide

CVE: LZeOILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

coa prestación profesional destes servizos e pode ter valor tanto para as familias que o reciben como para as persoas voluntarias.

- *Artigo 50 Impulso da flexibilidade*

A este artigo achega unha alegación COGAMI na que propón que se amplíe a idade dos fillos/as no caso de ter a condición de persoa con discapacidade ou atoparse nalgún grao de dependencia.

Acóllese esta proposta e revísase a redacción do artigo para expresar as ampliacións adoptadas.

- *Artigo 53 Implicación do sector empresarial*

A este artigo achegan alegacións as entidades COGAMI e EAPN nas que solicitan engadir que as empresas adoptarán medidas para garantir a igualdade de oportunidades e evitar calquera tipo de discriminación e que a Administración realizará formación relativa a sensibilización en materia de conciliación familiar

A redacción do artigo xa dá cobertura ás propostas realizadas polo que non é preciso modificala para incluílas.

- *Artigo 54 Axudas para facilitar a conciliación*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia e COGAMI para que se inclúa a mención expresa á elaboración dun programa de apoio no medio rural e costeiro non urbano que teña en conta as especiais necesidades de horarios de conciliación no sector agro-gandeiro e marisqueiro e que non se aplique límite de idade para acceder ás medidas de conciliación no caso de persoas con discapacidade.

O artigo regula o establecemento de axudas que contribúan a compensar a redución de retribucións nos supostos indicados, polo que a primeira alegación non se adapta ao seu contido; non obstante, como xa se indicou, a redacción do artigo 46 do anteproxecto dá cobertura para o desenvolvemento dos programas correspondentes. A segunda



CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

alegación afecta a unha competencia estatal polo que non pode ser atendida, sen prexuízo do seu tratamento conforme ao previsto no apartado 2 deste informe.

- *Artigo 55 Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia, Equipo de Investigación e CEG nas que solicitan que para a valoración do criterio do punto 1 se teña en conta a existencia dun plan de igualdade pactado coa representación legal das traballadoras e traballadores que contemple especificamente medidas de apoio á conciliación; que se revise o peso outorgado a este criterio; que se revise a formulación do artigo porque a inclusión dun criterio de adxudicación referido ás políticas empresariais en materia de conciliación non é compatible coa liberdade que a LCSP dá ao órgano de contratación para decidir en cada caso os criterios máis pertinentes e que a porcentaxe de puntuación proposta pode dar lugar a situacións inxustas ou indesexables, non resultando, por outra parte, axeitado garantir a máxima puntuación polo mero feito de contar cun certificado EFR ou coa Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

A primeira alegación constitúe unha limitación á concorrencia das PEMES e traballadores e traballadoras autónomos, polo que non pode terse en conta. En canto á revisión do peso outorgado ao criterio relativo as políticas empresariais en materia de conciliación, se ben é certa a conclusión de que a suma de criterios sociais e medioambientais podería acadar unha porcentaxe superior ao 50% da puntuación establecida, isto non significa que deba ser modificado o artigo xa que a LCPS non limita o número de criterios sociais ou medioambientais que poden ser valorados nunha licitación por decisión do órgano de contratación, sendo potestade deste o establecemento duns ou outros e do peso de cada un deles en orde á consecución dos obxectivos legalmente establecidos. Así mesmo, optouse polo establecemento por lei da obrigatoriedade de incluír un criterio de adxudicación referido ás políticas empresariais en materia de conciliación

CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

para destacar a prioridade desta política, o cal non impide a utilización doutros criterios dos recollidos na LCSP.

Finalmente, outorgar a máxima puntuación neste criterio ás empresas que conten cun certificado EFR ou coa Marca Galega de Excelencia en Igualdade vén fundamentado en que estes distintivos avalan o cumprimento de determinados parámetros de conciliación a un nivel de excelencia.

- *Artigo 56 Racionalización de horarios*

COGAMI achega unha alegación a este artigo para que se modifique establecendo a obriga dun estudo no prazo dun ano de diagnóstico e de propostas para sistemas de horarios axeitados ás persoas traballadoras e respectuosos coa flexibilidade horaria.

Tendo en conta que a redacción do artigo xa dá cobertura para o desenvolvemento das medidas que, de forma consensuada, se consideren oportunas, non hai motivo de revisión.

- *Artigo 57 Conciliación e corresponsabilidade da negociación colectiva*

A este artigo achega alegación COGAMI para que se modifique incluíndo un novo punto que recolla o impulso negociación colectiva medidas de acción positiva para favorecer o acceso das mulleres ao emprego e a aplicación do principio de igualdade de trato e non discriminación nas condicións de traballo e de medidas de conciliación.

Dado que na redacción proposta ou ben xa está recollida no texto ou ben xa constitúe unha obriga legal, non se precisa incluír máis puntos en reiteración da aplicación do principio de igualdade de trato e non discriminación.

- *Artigo 58 Reserva de solo empresarial para recursos de conciliación*

A este artigo achega alegación a entidade COGAMI e solicita que se inclúan incentivos ás empresas que asuman o reto demográfico nos obxectivos anuais da iniciativa e

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

colaboren coa Administración pública para potenciar a través da incorporación de novas persoas traballadoras ao cadro de persoal.

Este artigo regula a reserva para dotacións de solo empresarial destinado a recursos de conciliación. A alegación solicita incentivos ás empresas para a contratación de persoal, medida de carácter executivo e que, por outra banda, xa é atendida pola Administración autonómica no marco doutras políticas sectoriais.

- *Artigo 60 Formación orientada ao mercado laboral e as potencialidades do territorio*

EAPN presenta unha alegación a este artigo, solicitando a modificación do punto 2 para incluír que no caso de estar percibindo algún complemento formativo na Comunidade autónoma de Galicia non o deixe de percibir ao cambiar de comunidade.

A este respecto cómpre indicar que a expresión "acceso a complementos formativos" refírese a cursar materias para a formación complementaria, non sendo susceptibles de seren percibidas economicamente, motivo polo que non se acepta a alegación.

- *Artigo 62 Impulso do emprendemento*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia, COGAMI, EAPN e CEG solicitando a modificación para engadir a elaboración dun plan específico para as mulleres que emprendan no medio rural e costeiro non urbano; que teñan prioridade as iniciativas promovidas por persoas con discapacidade así como o emprendemento social e os proxectos de innovación social; que se implementen políticas públicas de autoemprego e dinamización empresarial para persoas con discapacidade, con incentivos, apoios e acompañemento e, de ser preciso, que se compatibilice no seu inicio a actividade empresarial con protección social; que se establezan incentivos e axudas ao emprendemento e á incorporación de persoas traballadoras en iniciativas promovidas por persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, e que no

CVE: LZeOILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

desenvolvemento de todas estas medidas participen as organizacións civís representativas da discapacidade e os axentes económicos e sociais no marco do diálogo social; que se establezan medidas específicas para a creación de empresas ou o autoemprego no ámbito rural e que non se priorice un modelo de empresa sobre outro, os mozos e mozas deben ser apoiados nas súas iniciativas empresariais con independencia da súa forma xurídica.

A suxestión relativa ao medio rural non ten encaixe neste capítulo da norma, existindo xa non obstante artigos dirixidos á finalidade proposta no capítulo VI do Título II. Respecto ao resto de alegacións, o artigo establece as prioridades das políticas públicas, constituíndo as particularidades da súa aplicación materia de desenvolvemento por norma de inferior rango polo que non procede a modificación.

- *Artigo 63 Impulso da innovación, tecnoloxía e creatividade*

A este artigo achega alegacións a entidade COGAMI solicitando a súa modificación para incluír referencia expresa ao fomento da investigación aplicada ao desenvolvemento de contornos, produtos, servizos e prestacións que garantan os principios de inclusión, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas e vida independente a favor de toda a sociedade, en especial das persoas con discapacidade e da investigación e innovación na prevención das situacións de discapacidade e de mellora da calidade de vida da cidadanía; á promoción das tecnoloxías da información e comunicación na prestación de servizos de calquera tipo, de xeito especial, nos dirixidos ás persoas; á consideración da innovación e investigación aplicada como medios para favorecer a inclusión social e laboral, a mellora da conciliación e novas oportunidades para o mercado.

As consideracións realizadas formarán parte, de ser o caso, das actuacións específicas que Administración autonómica desenvolva en aplicación deste artigo, motivo polo que non se acepta esta alegación.



CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 64 Relevo xeracional*

A este artigo achega alegacións a entidade COGAMI solicitando a súa modificación para engadir que se impulsarán medidas para afrontar a situación dos empresarios e empresarias próximos á xubilación, para fomentar o relevo xeracional e instrumentos eficaces que apoien as persoas emprendedoras; que se conte no marco do diálogo social cunha relación actualizada de traspasos de negocios que carecen de relevo así como co asesoramento que precisen, apoiando de xeito intenso o relevo xeracional en zonas rurais a favor de colectivos vulnerables.

As consideracións realizadas formarán parte, de ser o caso, das actuacións específicas que Administración autonómica desenvolva en aplicación deste artigo, motivo polo que non se acepta esta alegación.

- *Artigo 65 Mellora do saldo migratorio e das taxas de poboación activa*

A este artigo achega alegacións a entidade EAPN solicitando a súa modificación para incluír expresamente que se favorecerá o acollemento de persoas refuxiadas e de persoas inmigrantes no medio rural e que se asegure que a chegada de poboación migrante impide saldos de poboación negativos.

Esta alegación aténdese parcialmente posto que é positivo que o texto estableza expresamente que os programas de acollemento se adapten ás necesidades específicas do medio rural para que esta circunstancia sempre sexa tida en conta e incorpórase no artigo 69.

- *Artigo 66 Estímulo das actividades económicas*

A este artigo achega alegacións a entidade COGAMI solicitando a súa modificación para engadir que se promovan iniciativas que combinen actividades produtivas e non produtivas que favorezan o asentamento e a conciliación nas comarcas.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O artigo atinxe ao desenvolvemento de medidas para atracción de talento e a incentivos ao investimento produtivo e á implantación empresarial, polo que non é procedente a alegación, as medidas de conciliación teñen referencia expresa en toda a parte dispositiva do texto.

- *Artigo 67 Incorporación ao sistema educativo*

A este artigo achega alegacións a entidade EAPN solicitando que se traslade á sección terceira deste capítulo.

A alegación supón unha consideración moi oportuna e dá lugar á revisión da ubicación do artigo para que as medidas e programas correspondentes dean cobertura ao retorno e tamén á nova poboación.

- *Artigo 69 Igualdade de condicións no acceso a programas e servizos*

A este artigo achega alegacións a entidade EAPN solicitando a supresión da palabra "eventuais", redacción que non se considera axeitada polo que non se acepta.

- *Artigo 70 Apoio no proceso de retorno*

A este artigo achega alegacións a entidade EAPN solicitando a inclusión expresa do establecemento de medidas facilitadoras da reagrupación familiar.

Coa referencia á persoa retornada é a súa familia está recollida na redacción actual a alegación proposta.

- *Artigo 72 Inclusión social*

A este artigo achega alegacións a entidade COGAMI solicitando a modificación para engadir que poderán participar nos programas as persoas que residindo xa en Galicia trasladen o seu domicilio e presenten dificultades por idade, discapacidade, enfermidade e precisen recursos de apoio.

CVE: LZe0lLnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O artigo fai referencia ao desenvolvemento de programas de acollida para a atracción de nova poboación polo que non ten encaixe a suxestión realizada, existindo por outra banda normativa específica que permite dar resposta ás persoas coas dificultades aludidas que xa residen na comunidade autónoma.

- *Artigo 74 Valorización do medio rural e costeiro non urbano*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR e UPA Galicia solicitando que se incorporen indicadores de análise das medidas destinadas ao equilibrio territorial e á recuperación demográfica. Estas alegacións non se aceptan posto que no artigo 8 xa se establece a necesidade de analizar o impacto demográfico de toda actuación pública e nos artigos 7 e 9 se prevé o establecemento de indicadores con esta finalidade.

- *Artigo 76 Desenvolvemento sustentable das políticas e servizos públicos*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR e UPA Galicia solicitando o establecemento dunha mesa de traballo cos axentes económicos e sociais para establecer unha axenda de diálogo social sustentable no medio rural e costeiro non urbano.

Non se acepta o contido desta alegación dado que xa existen canles de diálogo para estes efectos.

- *Artigo 77 Accesibilidade dos servizos públicos*

A entidade Equipo de Investigación solicita a inclusión dunha remisión expresa aos instrumentos de ordenación do territorio, que se acepta e se inclúe na exposición de motivos da lei para non cinguir esta vinculación exclusivamente ao contexto deste artigo.

As alegacións presentadas polas entidades FADEMUR, UPA Galicia e EAPN son tratadas no artigo seguinte en atención ao seu contido.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 78 Mobilidade*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia, COGAMI e EAPN solicitando a modificación para engadir que se garanta que a rede de transportes conte coas condicións de accesibilidade e deseño universal establecidas e cos axustes e medidas de apoio necesarias; que se implementen servizos de transporte adaptado que cheguen a toda a cidadanía e que se garanta a mobilidade e a conexión diaria da poboación permitindo o pleno desenvolvemento da vida persoal, familiar e profesional en todo o territorio.

Modifícase o texto para poder atender estas suxestións, que, non obstante, serán obxecto de desenvolvemento posterior.

- *Artigo 79 Telecomunicacións*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia, UNICEF e COGAMI solicitando que se garanta e incentive a extensión de redes de acceso á internet a velocidades, calidade, prezos e cobertura de servizos de asistencia equiparables coas existentes ou previstas para o resto do territorio; que se inclúa o acceso a equipos informáticos; que se inclúa un novo punto no artigo que recolla a obriga de implantar o acceso ás comunicación nas zonas e poboación con maiores dificultades de recursos e nos territorios nos que se sitúen maior nivel de poboación sen recursos e que se reforzarán os servizos nos supostos de implantación de actividades económicas produtivas xeradoras de emprego ou iniciativas de servizos de conciliación a fin de xerar lazos de intercomunicación.

O acceso a equipos informáticos constitúe unha medida de carácter executivo que xa se está a realizar. A regulación do resto de aspectos mencionados non é competencia autonómica polo que non poden ser aceptados.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 80 Servizos para as persoas maiores no medio rural e costeiro non urbano*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia e COGAMI solicitando engadir que no desenvolvemento dos ditos servizos a administración garantirá no proceso de adxudicación a preferencia por empresas de economía social vinculadas ao territorio que creen emprego de calidade e teñan plan de igualdade e promoverá un servizo de axuda no fogar de calidade e que se promova nos territorios onde se sitúan eses servizos ou centros a dinamización económica e do mercado laboral do contorno independentemente do xerado polos servizos de atención a persoas maiores.

A lei xa prevé a incorporación de maneira transversal e preceptiva criterios sociais en toda a contratación pública no seu artigo 15. Respecto dos plans de igualdade, a suxestión contravén o establecido no artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que ten carácter de lexislación laboral de aplicación en todo o Estado. Finalmente, o capítulo IV desta lei, e especialmente o artigo 82 e seguintes, están dirixidos á dinamización económica e do mercado laboral no medio rural e costeiro non urbano.

- *Artigo 81 Servizos para as persoas con discapacidade no medio rural e costeiro non urbano*

A este artigo achega alegacións a entidade COGAMI solicitando a modificación para engadir que se promova nos territorios onde se sitúan eses servizos ou centros a dinamización económica e do mercado laboral do contorno independentemente do xerado polos servizos de atención a persoas con discapacidade.

Esta suxestión ten o mesmo contido que a recollida no artigo anterior polo que se lle dá o mesmo tratamento.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 82 Prazas educativas e recursos de conciliación*

A este artigo achegan alegacións as entidades FADEMUR, UPA Galicia, COGAMI e EAPN solicitando a modificación para que se estableza unha mesa de traballo cos representantes da comunidade educativa e as administracións autonómica e local para deseñar o mapa de recursos educativos de tal xeito que a educación obrigatoria no medio rural e costeiro non urbano atenda as peculiaridades do contorno e non a rateos de alumnos por aula; que se promova nos territorios onde se sitúan eses servizos ou centros a dinamización económica e do mercado laboral do contorno independentemente do xerado polos servizos, recursos e prazas habilitadas; e solicítase aclaración e concreción respecto do limiar mínimo de carácter pedagóxico para constituír unha unidade educativa socializante.

A planificación da oferta de recursos educativos correspóndelle, por disposición de leis con carácter básico, á administración educativa e non pode ser, polo tanto, obxecto dunha mesa de traballo. A fixación do limiar mínimo de carácter pedagóxico, ao igual que a determinación do criterio de proximidade ao domicilio, realizarase na programación da oferta educativa, non sendo esta lei o instrumento adecuado para a súa determinación. Finalmente, respecto da alegación relativa á dinamización económica e do mercado laboral, dáselle o mesmo tratamento que nos artigos anteriores.

- *Artigo 83 Estándares de calidade no ensino*

Presentan alegacións a este artigo FADEMUR, UPA Galicia, COGAMI e EAPN e solicitan que se elimine a expresión "acomodada a criterios pedagóxicos", que se garanta que a oferta educativa se realice nos concellos de menos de 5000 habitantes en termos de igualdade aos de maior poboación e que se incorpore a atención á diversidade apostando por unha atención educativa inclusiva; que se estableza a variación nas ratios alumnado/profesorado necesaria para a atención en igualdade nos concellos de menos de 5 000 habitantes e que se fomente a estabilidade dos equipos docentes e que sexan



CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

da zona para mellorar a calidade educativa e promover o mantemento das escolas rurais.

Respecto da eliminación da acomodación a criterios pedagóxicos, estes criterios débense incorporar necesariamente para garantir o benestar do alumnado. Tamén a oferta educativa debe estar acomodada ás peculiaridades do rural, mantendo en todo caso a súa calidade. A permanencia do profesorado xa se favorece na actualidade pero non pode colidir con dereitos legalmente recoñecidos, como o dereito a participar en concursos de traslados e á mobilidade profesional; finalmente favorecer que o profesorado sexa da zona vulnera o dereito de igualdade de oportunidades do resto do profesorado.

- *Artigo 84 Formación profesional*

A este artigo presentan alegacións FADEMUR, UPA Galicia e COGAMI nas que solicitan que a oferta de formación profesional sexa accesible en termos de territorialidade e se garanta unha planificación estable para períodos mínimos de cinco anos; e que se incorpore a atención á diversidade apostando por unha atención educativa inclusiva.

A redacción actual do artigo xa ten en conta a perspectiva territorial e a atención á diversidade alegadas e por outra parte a oferta tamén responde a unha planificación estable, polo que as alegacións non son aceptadas.

- *Artigo 85 Acceso á cultura*

A este artigo achega alegacións COGAMI solicitando que na promoción do acceso á cultura incorporará a participación activa na vida cultural, o desenvolvemento de medidas como a inclusión da accesibilidade universal, o acceso aos lugares, á información e comunicación dos contornos culturais, artísticos e de ocio, a favorecer o desenvolvemento do potencial artístico e favorecer e difundir actividades culturais que contribúan á concienciación e sensibilización da sociedade da diversidade apostando por unha cultura inclusiva en todo caso.

CVE: LZeQiLnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Coa redacción actual o artigo xa dá cobertura ás propostas realizadas, sendo por outra parte, como xa se indicou neste informe, a accesibilidade universal un principio legalmente establecido para toda a actuación da Administración pública.

- *Artigo 87 Acceso á terra*

Solicitan a modificación deste artigo FADEMUR e UPA Galicia para que se inclúa que a Administración autonómica realizará un mapa de terras de uso agrario baleiras, ociosas ou improdutivas e levará a cabo un Plan de Recuperación a través de figuras como o arrendamento, a venda ou a cesión de tal xeito que se garanta a non diminución da superficie agraria útil limitando o seus posibles usos e a súa posta a disposición das explotacións agrícolas e gandeiras e que impulsará e promoverá plans de uso das terras incorporadas ao Banco de terras para que teñan un aproveitamento produtivo.

As alegacións anteriores conteñen propostas de medidas e actuacións específicas que non deben ser reguladas mediante esta lei.

- *Artigo 88 Impulso das actividades agroforestais*

Presentan alegacións a este artigo FADEMUR e UPA Galicia indicando que tamén teñen cabida nel as alegacións ao artigo anterior e solicitando ademais que se inclúa que a administración limitará a reforestación de terras agrarias como mecanismo para garantir a viabilidade das explotacións agrarias e promoverá a recuperación das terras reforestadas de xeito irregular; tamén que promoverá mais intensamente a diversificación das actividades do monte galego, a forestación con especies autóctonas e que apostará por modelos de xestión forestal máis inclusivos e igualitarios.

As alegacións anteriores non se corresponden co obxecto desta norma e deben plantexarse ao Anteproxecto de Lei de recuperación e posta en valor de terras agrarias de Galicia.

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 90 Diversificación da actividade económica*

Achegan alegacións FADEMUR e UPA Galicia solicitando engadir que se contará coa opinión dos axentes económicos e sociais dos distintos sectores no desenvolvemento das estratexias, as cales terán como elementos fundamentais a incorporación á economía produtiva da xuventude e das mulleres e darán prioridade ás persoas emprendedoras, especialmente xoves e mulleres.

As estratexias de desenvolvemento local participativo garanten por definición a participación do tecido económico e social, sendo as persoas protagonistas as que establecen as súas prioridades para satisfacer obxectivos e necesidades locais, polo que esta alegación non pode ser atendida.

- *Artigo 91 Relevo xeracional no medio rural e no ámbito marítimo-pesqueiro*

Achegan alegacións FADEMUR e UPA Galicia para que se inclúa neste artigo que a Administración autonómica promoverá e facilitará o desenvolvemento en toda a súa extensión da Lei de titularidade compartida das explotacións agrarias e que elaborará un estudo do perfil socio económico das explotacións agrícolas e gandeiras que permita definir estratexias de actuación atendendo a criterios demográficos, de viabilidade económica, de ordenación territorial e de sustentabilidade.

As alegacións anteriores non se corresponden co obxecto desta norma e deben plantexarse ao Anteproxecto de Lei de recuperación e posta en valor de terras agrarias de Galicia ou a unha lei sobre o sector agrogandeiro.

- *Artigo 94 Incentivos ao investimento*

Alegan a este artigo FADEMUR e UPA Galicia, solicitando a modificación para que se establezan medidas de discriminación positiva para favorecer a maior participación das mulleres e incentivar á mocidade e que se habiliten mecanismos que posibiliten o establecemento de garantías públicas e, en calquera caso, que as condicións ofertadas desde os organismos públicos sexan competitivas coas do sector privado.

CVE: LZeQILcNF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O obxecto destas alegacións non corresponde ao ámbito deste artigo, non obstante, son susceptibles de seren tidas en conta en normas de desenvolvemento sectorial.

- *Artigo 96 Apoio ao comercio de proximidade*

Alegan a este artigo as entidades FADEMUR, UPA Galicia e EAPN para a súa modificación engadindo que se elaborará de común acordo coa representación dos distintos sectores unha Lei de produción agroalimentaria de carácter artesán, se promoverá o establecemento de sistemas loxísticos que faciliten a distribución e chegada ás cadeas de distribución das producións artesás e se promoverá o consumo do produto de proximidade desde a administración pública mediante o emprego deste nos servizos de restauración propios.

Acéptase a proposta de promover o consumo do produto de proximidade nos servizos propios das Administracións públicas de Galicia, engadindo un punto neste artigo con esta finalidade. Polo que se refire ao resto de alegacións, o artigo contén os principios que permiten levar a cabo, entre outras, as actuacións propostas e por outra banda, non é oportuno facer nel unha referencia a ningunha norma concreta.

- *Artigo 97 Servizos bancarios*

Achegan alegacións as entidades FADEMUR e UPA Galicia nas que solicitan a substitución do texto para que indique que a Administración autonómica garantirá a accesibilidade de toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia, aos servizos financeiros e bancarios.

O enunciado actual do artigo recolle o obxectivo marcado na alegación proposta, en liña cos principios reitores desta lei para a garantía do acceso equitativo ás oportunidades e a corrección das desigualdades entre os diferentes territorios.

CVE: LZeQILnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Artigo 98 Responsabilidade social territorial*

Achegan alegacións a este artigo as entidades FADEMUR e UPA Galicia nas que solicitan que con carácter previo á obtención do certificado as empresas conten coa certificación de responsabilidade social corporativa e co correspondente plan de igualdade pactado coa representación das e dos traballadores.

As condicións para o recoñecemento serán establecidas regulamentariamente, non sendo procedente determinar ningún requisito nesta norma.

- *Artigo 99 Criterios xerais de actuación para o envellecemento activo e saudable*

Achegan alegacións a este artigo as entidades FADEMUR, UPA Galicia e COGAMI solicitando a integración dos preceptivos informes sobre a poboación envellecida nas políticas ás que se refire o artigo e mais a inclusión nelas da perspectiva territorial.

As alegacións aluden a informes que necesariamente serán tidos en conta dado o carácter das políticas que regula este artigo e á obrigatoriedade de inclusión da perspectiva territorial, compoñente da perspectiva demográfica que instaura esta lei, polo que non procede modificar a redacción do artigo.

- *Artigo 100 Tecnoloxía aplicable ao envellecemento activo e saudable*

Achega alegacións a este artigo a entidade COGAMI, que solicita que se garanta prezos ou custes asequibles para o acceso a estes recursos e a súa universalidade.

Modifícase o artigo para evidenciar que a teleasistencia avanzada será accesible e adaptada ás circunstancias específicas das persoas usuarias e que atenderá especialmente ás persoas con menos recursos e en situación de dependencia.

- *Artigo 101 Economía do envellecemento*

Presentan alegacións a este artigo as entidades FADEMUR, UPA Galicia e COGAMI nas que solicitan o desenvolvemento dun "prego de condicións mínimas" para a prestación dos Servizos de Axuda no Fogar que garanta a súa homoxeneidade, mellore a calidade e

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

estabilidade no emprego e a prestación do servizo; o desenvolvemento dun programa de apoio as persoas coidadoras, para o apoio económico e respiro familiar e suficientes prazas residenciais ou profesionais de asistencia en todo o territorio; o desenvolvemento de programas específicos de apoio ás actividades económicas dirixidas á promoción da autonomía persoal, á vida independente e ao libre exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade.

Estas alegacións constitúen medidas concretas de desenvolvemento, polo tanto, non son aceptadas pero, ao mesmo tempo, non son rexeitadas de plano, dado que se trata de actuacións que ou ben xa se realizan ou ben son susceptibles de seren tidas en conta tras a entrada en vigor da lei.

- *Artigo 104 Atención a domicilio para as persoas maiores*

Presentan alegacións a este artigo as entidades FADEMUR e UPA Galicia solicitando a elaboración dun mapa de necesidades de servizos para persoas maiores, soas, e/ou dependentes e o desenvolvemento dun Plan de Servizos de Proximidade e a súa implementación en colaboración coas entidades de iniciativa social, con entidades mixtas público-privadas e coas empresa da economías social e a habilitación dun servizo de formación/asesoramento de urxencia no ámbito do domicilio para as persoas coidadoras que teñen que facerse cargo, de xeito sobrevido, do coidado dunha persoa dependente.

Estas alegacións constitúen medidas concretas de planificación que poderán ser atendidas nun momento posterior de desenvolvemento, non obstante incorpórase un novo artigo no texto da norma dirixido á previr e atender a soidade non desexada das persoas maiores.

- *Disposición adicional primeira Incremento do investimento en políticas de familia*

Presentan alegacións a esta disposición AGAFAN e UNICEF solicitando que na elaboración dos orzamentos xerais se teñan en conta os indicadores demográficos e o

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

impacto na fecundidade que xere a aplicación das políticas públicas e que se faga explícito o método de cálculo do incremento do investimento previsto.

Ambas alegacións están recollidas no texto deste anteproxecto. O artigo 7 dá resposta ao que lle afecta á elaboración dos orzamentos e a propia disposición adicional explicita como se efectúa o incremento do investimento en políticas de familia.

- *Disposición adicional terceira Plan de apoio ás familias monoparentais*

Presenta alegación a esta disposición EAPN na que solicita medidas específicas e urxentes no prazo de tres meses contra a pobreza nestas familias, situación que xa é abordada pola Lei de inclusión social de Galicia.

- *Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia*

Presentan alegacións a esta disposición UNICEF, AGADEI e COGAMI solicitando que o persoal de apoio teña formación encamiñada tamén á educación, a clarificación da redacción da disposición e que se conte co persoal de apoio necesario no suposto de alumnado con discapacidade e/ou en situación de dependencia.

Respecto da primeira alegación, a redacción do anteproxecto considérase apropiada para o desenvolvemento das funcións encomendadas ao persoal de apoio. En canto á alegación relativa ao persoal de apoio nos supostos de discapacidade e/ou de dependencia, este xa existe, polo que o texto non precisa de modificación para darlle cobertura.

Acóllese a suxestión de clarificar a redacción inicialmente proposta.

CVE: LZeQILnF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia*

Presentan alegacións a esta disposición UNICEF, COGAMI, EAPN e MSPE nas que solicitan que se inclúa a modificación do artigo 15 da lei, no que se define as familias con persoas con discapacidade a cargo para incluír neste concepto a todas as persoas que convivan con independencia de se están unidas ou non por vínculos de parentesco; coñecer como se vai articular o previsto na modificación do artigo 13 e enumerar todas as circunstancias polas que se pode chegar á condición de monoparental, que se equiparen á dita condición determinados supostos nos que existen dúas persoas proxenitoras e que se amplíe a idade dos fillos e fillas, en xeral e en determinados supostos; así mesmo, precisar o artigo 17 bis coa especificación de situacións de especial vulnerabilidade económica.

A definición do artigo 15 proposta fai referencia á definición de fogar, non de familia, polo que non pode ser aceptada. A articulación das previsións do artigo 15 constitúen materia de desenvolvemento regulamentario, tamén a precisión das circunstancias e requisitos polos que se pode chegar á condición de monoparental procedendo, non obstante, á modificación da redacción dada ao artigo 13 neste senso. Finalmente, a precisión das situacións de especial vulnerabilidade económica non é necesaria dado que a redacción actual xa dá amparo a esta casuística.

Finalmente, EAPN solicita a inclusión dunha nova disposición derradeira de modificación da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia coa finalidade de modificar aqueles artigos que dificulten a plena inclusión social das familias en situación de pobreza ou exclusión social, garantindo radicalmente o interese superior do menor e a loita contra a pobreza infantil, favorecendo en importes, como o máximo complemento de vivenda, e prioridade, con tramitación abreviada, a aqueles fogares con nenos ou nenas a cargo (ou con persoas en situación de dependencia), e de habilitar un procedemento para o pago anticipado das Axudas de Inclusión Social (AIS) que favoreza a axilización e acceso aos

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

recursos concedidos ás familias con menores, especialmente cando resulten beneficiados/as pola axuda.

O acceso das persoas con fillos e fillas a cargo ás prestacións que regula a Lei 10/2013 debe ser en igualdade de condicións que o resto das persoas que están no ámbito subxectivo da dita lei, pois cómpre non esquecer que todas elas están en situación o risco de exclusión social. Non obstante, cabe traballar para lles facilitar os apoios que de xeito específico require este grupo para que poidan participar con éxito nos seus procesos de inserción, nomeadamente apoios á conciliación.

**CONCLUSIÓNS**

En todo proceso de desenvolvemento normativo resulta importante testar a opinión da sociedade en xeral e, de forma especial, dos axentes máis directamente implicados nas materias obxecto de regulación. Este trámite permite acadar tres obxectivos principais: en primeiro lugar, serve como indicador do interese da sociedade; en segundo lugar, o contido e alcance das valoracións recibidas permite inferir a opinión xeral sobre a norma, facilitando a avaliación do grado de adecuación dos contidos deseñados ás expectativas da cidadanía; e, por último, e non menos importante, as achegas e suxestións axudan a introducir melloras na norma, tanto de fondo como de forma, en termos de precisión e claridade, mellorando o texto normativo.

Neste senso, do proceso de análise e valoración das 336 alegacións recibidas no trámite de información pública ao que se ten sometido o Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia, consonte ao establecido no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, resulta que, no ámbito das competencias da Administración autonómica o texto da norma inclúe ou dá amparo ao 55% das ditas suxestións; por outra parte máis do 25 % delas fai referencia a principios xa regulados noutras normas e, polo tanto, de obrigatoria observancia na aplicación desta, e, finalmente, unha

CVE: LZeQILn4F1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

porcentaxe inferior ao 20% non ten encaixe conceptual no texto proposto. Así pois, podemos concluír o seguinte:

1. O elevado número de alegacións recibidas e os seus contidos pon de manifesto o significativo interese que este anteproxecto de lei ten xerado no conxunto da sociedade galega. Ademais, as achegas teñen unha orixe ampla e diversa, que abrangue tanto a sociedade civil como os axentes sociais e os partidos políticos, participando no proceso persoas físicas a título individual, asociacións e organizacións relacionadas directa e indirectamente coa materia regulada, axentes do terceiro sector, da economía social, etc.. Neste sentido, valórase de forma moi positiva esta importante participación no trámite de exposición pública.

2. O contido das achegas recibidas evidencia o elevado grao de adecuación do regulado na norma ás expectativas da sociedade. A inmensa maioría das alegacións presentadas, como se ten referido, céntranse en aspectos concretos do anteproxecto cara a súa mellora, abundando no xa recollido, facendo propostas de cambios de redacción, ampliando o alcance do regulado ou apuntando diversas actuacións de carácter executivo para as que a norma proporciona, sen condicionar, un marco de desenvolvemento.

3. Tamén debe ser posto en valor o importante e laborioso traballo desenvolvido polos departamentos da Administración autonómica directamente relacionados co contido da norma, avaliando as propostas recibidas e a súa posibilidade de integración no texto en aras á súa mellora. Xunto con esta tarefa, e froito dela e do interese suscitado polo anteproxecto, leváronse a cabo tamén novas revisións do texto no ámbito da Administración que teñen dado lugar a melloras na redacción en pro da súa claridade e concreción.

4. Finalmente, froito da avaliación do contido e adecuación das alegacións presentadas xunto coa revisión que este proceso implicou do texto inicialmente presentado, téñense

CVE: LZeOlLnlF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

introducido suxestións, tanto de carácter formal, que melloran a súa claridade, homoxeneidade e precisión, como de contido, que modulan o alcance dalgúns dos ámbitos previamente regulados. Así, téñense modificado un total 29 artigos e 4 disposicións e engadíronse 4 novos artigos e unha disposición, o que nos permite concluír que o texto resultado deste proceso supón unha mellora importante do texto presentado inicialmente ao tempo que afonda na aliñación da norma cos intereses da sociedade.

Santiago de Compostela, coa data da sinatura electrónica

Mª Amparo González Méndez

Directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Asinado por: GONZALEZ MENDEZ, MARIA AMPARO
Cargo: Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Data e hora: 18/10/2019 13:35:57

CVE: LZeQILnIF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 545 400

galicia

**OFICIO** MJFR/

Número: 1752

Lugar e data: Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2019

De: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa. Servizo de Apoio Técnico-Xurídico

A: COMISIÓN GALEGA DE COOPERACIÓN LOCAL.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Asunto: Solicitude informe.

Achégase, para o seu informe, o Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

Documentación que se remite:
. Texto do Anteproxecto de lei.
. Memoria explicativa.
. Memoria económica e financeira.

A secretaria xeral técnica

XUNTA DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL TÉCNICA · CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

María Francisca Gómez Santos

XUNTA DE GALICIA

# Xustificante de envío

## Nº de envío: 2019/729183

**De:** A12X01542 - SERVIZO DE APOIO TÉCNICO-XURÍDICO

**Número:** 2019/729183

**Data envío:** 16/07/2019 10:30:58

**Para:** A12X00819 - SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO LOCAL

### Información do envío

**Asunto:** SOLICÍTASE INFORME DA COMISION GALEGA DE COOPERACIÓN LOCAL RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA.

### Documentación achegada

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA1

| Nome do arquivo | Descrición | Validez | Resumo electrónico do arquivo (*) |
|---|---|---|---|
| solic informe.pdf | | Orixinal | 4bf39bdcee7e9166f501fa05231f25c61624bb3f |
| Texto_memorias_para informe.pdf | | Orixinal | a7553d284330bf4919cedb48d1626762c6709333 |



CVE-REXEL: 3054b2df-524d-3184-8925-7f059222338b
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Asinado por: REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA
Data e Hora: 16/07/2019 10.31.05

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

galicia

# INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

**Solicitante:** Consellería de Política Social. Secretaría Xeral Técnica

**Expediente:** 2019/090

## FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social solicítalle a esta Secretaría Xeral que emita informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

### 1 PERTINENCIA DO INFORME

I Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de valorar con carácter previo ao debate parlamentario calquera iniciativa lexislativa para determinar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptalas para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



II Tal e como indica no seu artigo 1, o anteproxecto de lei sobre o que se emite este informe ten por obxecto establecer os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, favorecendo un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren Galicia como o lugar idóneo para vivir, para establecerse e, se así o desexan, ter fillas e fillos e desenvolver o proxecto familiar que libremente escollan.

Segundo a exposición de motivos do anteproxecto, a Comunidade Autónoma de Galicia vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural, entre cuxas principais características atópanse o incremento da esperanza de vida e unha forte diminución da taxa de natalidade. Identifícanse entre as principais causas deste fenómeno o atraso na entrada ao mercado de traballo, o emparellamento tardío e o progresivo incremento da idade media á primeira maternidade.

Deste xeito, a finalidade desta lei é o impulso e a dinamización demográfica de Galicia, mediante a ordenación e coordinación das políticas públicas autonómicas e o fomento da actuación conxunta das Administracións Públicas e dos distintos interlocutores sociais e económicos de Galicia.

III A lei consta de 102 artigos, divididos nun título preliminar, dous títulos, tres disposicións adicionais, unha derrogatoria e seis disposicións derradeiras.

O título preliminar recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de actuación, as definicións, os principios reitores e os de actuación.

O título I, Criterios de actuación e organización para o impulso demográfico, divídese en tres capítulos. No capítulo primeiro establécense os criterios de actuación das Administracións Públicas de Galicia, destacando a obriga de incorporar a perspectiva demográfica en todas as súas políticas. No capítulo segundo regúlase a organización administrativa, creando a Comisión para o Impulso Demográfico e a Comisión Técnica para o Impulso Demográfico.

O título II aborda as políticas públicas para o impulso demográfico, núcleo central da lei, e consta de sete capítulos. O capítulo primeiro establece criterios xerais de actuación en materia de vivenda ou nas políticas activas de emprego. O capítulo segundo regula o apoio ás familias. No capítulo terceiro abórdase a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, que, baixo o principio da asunción equilibrada das responsabilidades domésticas e de coidados e a superación dos roles e estereotipos de xénero, pretende impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade. O capítulo cuarto establece as medidas de apoio á mocidade e o capítulo quinto de retorno e atracción de nova poboación. O capítulo sexto regula o marco necesario para o desenvolvemento equilibrado do territorio e o asentamento da poboación no medio rural e costeiro non urbano e no capítulo sétimo abórdase a promoción do envellecemento activo e saudable.

Nas tres disposicións adicionais establécese o mandato dun incremento mínimo do investimento nas políticas de familia do 50% sobre o aumento porcentual do gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma no prazo de 5 anos dende a entrada en vigor da lei e de elaboración dunha estratexia conxunta das Administracións públicas de Galicia para a ordenación e coordinación das políticas en materia demográfica e mais dun plan de apoio ás familias monoparentais.

A disposición derradeira primeira modifica o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual destas familias, introduce o mandato de creación dun Rexistro de Familias Monoparentais e recoñece dúas novas tipoloxías de familias de especial consideración, as familias en situación de especial vulnerabilidade económica e as familias vítimas de violencia de xénero, coa finalidade de que accedan ao trato preferente previsto para este grupo na dita lei.

A disposición derradeira terceira modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público e, por último, a disposición derradeira cuarta introduce no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, un novo dereito para as empresas que obteñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou dun distintivo equivalente, recoñecéndolles a máxima puntuación polas políticas empresariais en materia de conciliación que esta lei incentiva a través da contratación do sector público autonómico.

IV Dado o contido deste proxecto normativo, enténdese que procede analizar neste informe os seguintes aspectos: a incorporación da perspectiva de xénero, a presenza de mulleres nos procesos de participación cidadá, a composición equilibrada dos órganos colexiados e de decisión, a

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



integración da perspectiva de xénero na actividade estatística e a utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

## 2 INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

I A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea, que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3), e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero: "A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)".

Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

No ámbito estatal a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) así como, no caso galego, o citado Decreto lexislativo 2/2015, reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

A aplicación do principio de transversalidade esixe que en toda a normativa sexa considerado o principio de igualdade e, se procede, en función da materia regulada, facelo explícito. Por integración da perspectiva de xénero enténdese "a consideración sistemática das diferentes situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes, incorporando obxectivos e actuacións específicas dirixidas a eliminar as desigualdades e promover a igualdade en todas as políticas e accións, a todos os niveis e en todos as súas fases de planificación, execución e avaliación".

II Tendo en conta o contido deste proxecto normativo sinalado anteriormente, ponse de manifesto que a igualdade por razón de xénero inspira con carácter transversal toda a regulación establecida no anteproxecto de lei, posto que calquera política demográfica debe basearse na integración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Tal e como sinala a propia norma obxecto de informe, a perspectiva de xénero debe servir como panca do desenvolvemento social e económico e ser un elemento tractor do impulso demográfico.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



En consecuencia, o principio de igualdade por razón de xénero, como elemento tractor do impulso demográfico, aparece recollido de xeito expreso ao longo de todo o articulado do anteproxecto de lei, tanto entre os seus principios reitores como nas distintas políticas que se establecen, o que debe ser obxecto dunha valoración positiva.

Deste xeito, xa no artigo 4 inclúese entre os principios reitores desta lei:

> "a) Igualdade e respecto á diversidade nas políticas activas de impulso demográfico, prestando especial atención ás diferenzas derivadas do xénero, a idade e a orientación sexual ou relixiosa, mediante a adopción de medidas específicas para previr ou compensar as desvantaxes que estas diferenzas puideran causar".

Tamén o artigo 6 recolle expresamente a igualdade entre os principios específicos en materia de familia e, ademais, introduce como principio o "recoñecemento", sinalando que:

> "As Administracións Públicas de Galicia desenvolverán as súas actuacións de impulso demográfico en materia de familia baixo os principios específicos de:
> e) Igualdade. As políticas de apoio ás familias fomentarán a igualdade entre homes e mulleres e a conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral".
> f) Recoñecemento. As políticas de apoio ás familias poñerán en valor a institución familiar e os traballos de sostemento dos fogares e de coidado, realizados maioritariamente polas mulleres".

Ademais de estar recollida expresamente entre os principios reitores, a igualdade de xénero informa con carácter transversal as diferentes políticas previstas en materia de impulso demográfico:

Así, no artigo 15 establécese que a igualdade de xénero será un dos principios a ter en conta para deseñar a estratexia de contratación administrativa do sector público, que formará parte dos criterios de adxudicación de carácter cualitativo.

A igualdade de xénero tamén informa os criterios xerais de actuación en materia de conciliación corresponsable previstos no artigo 41:

> "As Administracións Públicas de Galicia promoverán a conciliación da vida persoal, familiar e laboral fundamentada no principio de igualdade entre mulleres e homes tanto no ámbito doméstico como no laboral e na consideración de que o coidado das fillas e fillos e das persoas dependentes é tanto un dereito como unha responsabilidade colectiva de toda a sociedade".

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



Do mesmo xeito, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes establécese como principio reitor da carreira profesional no ámbito do sector público:

> "O sector público autonómico garantirá, no ámbito das súas competencias, que a maternidade e a paternidade e o coidado de persoas dependentes non sexan obstáculo para o desenvolvemento dunha carreira profesional en igualdade de condicións".

Ademais de todo o anterior, en relación ao contido e finalidade do anteproxecto é preciso ter en o previsto no artigo 1.3 do Decreto lexislativo 2/2015, que establece como un dos principios de actuación da Comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade:

> "d) *O fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e ademais instrumentando outros efectos positivos*. A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e os coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos e das fillas, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres".

Así pois, atendendo á regulación contida no texto e ao sinalado anteriormente, valórase positivamente o anteproxecto de lei de dinamización demográfica de Galicia, ao entender que as medidas contidas nel non só procurarán o impulso demográfico desta comunidade autónoma, senón que tamén contribuirán a acadar unha igualdade real e efectiva entre homes e mulleres e a reducir as desigualdades por razón de xénero.

De xeito específico, constitúen un importante pulo para a acadar esta igualdade real e efectiva as medidas previstas no capítulo II do título I, relativas ao apoio ás familias, e no capítulo III deste mesmo título, respecto da conciliación da vida familiar, laboral e persoal, no que se recollen algunhas das medidas previstas no Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

Neste senso, cómpre facer un apuntamento en relación á terminoloxía empregada no texto do anteproxecto ao falar de "conciliación", recomendándose empregar a expresión "conciliación

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



corresponsable", tal e como establece o dito Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

III Sen prexuízo da valoración positiva indicada anteriormente, a continuación efectúanse unha serie de consideracións para unha mellor integración da perspectiva de xénero nas materias obxecto de regulación no anteproxecto de lei:

**1 A igualdade de xénero entre os documentos de planificación inspiradores da lei**

Malia a consideración da igualdade por razón de xénero como elemento tractor da dinamización demográfica, e o carácter transversal deste principio ao longo de todo o articulado da norma, na exposición de motivos non se menciona o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

No apartado II da exposición de motivos do anteproxecto cítanse diferentes documentos de planificación das políticas autonómicas, que se tiveron en conta á hora de deseñar as medidas contidas no texto do anteproxecto, como a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, a Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020, a Estratexia Retorna 2020, o Plan de fixación de poboación no medio rural e o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

Proponse que se inclúa tamén na relación de documentos de planificación que recolle a exposición de motivos o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, como instrumento de planificación, froito do máximo compromiso institucional para conseguir a necesaria igualdade entre mulleres e homes, e no cal a Xunta de Galicia aposta pola consolidación dos cambios que se foron xestando nos últimos tempos e polo afianzamento dos avances acadados en todos estes anos de intervención pública en favor da igualdade, de xeito que esta planificación debe formar parte das liñas estratéxicas que orientan a posta en marcha das políticas para o desenvolvemento económico e social da nosa comunidade autónoma, contidas no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

**2 Criterios de xénero na concesión de axudas e subvencións públicas**

Tal e como se indicou con anterioridade, a igualdade de xénero tense en conta como criterio de adxudicación de carácter cualitativo na contratación pública, o cal se valora positivamente. Así, de acordo co artigo 15.4 do anteproxecto de lei:

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



> "En particular, os órganos de contratación introducirán criterios de adxudicación cualitativos referidos ás políticas empresariais en materia de igualdade no proceso específico de produción, prestación ou comercialización das obras, subministracións ou servizos, como aqueles referidos aos plans de igualdade de xénero que se apliquen, á loita contra a discriminación salarial por razón de sexo e ao fomento da contratación feminina".

Proponse que este mesmo criterio se teña en conta tamén no ámbito das axudas e subvencións públicas ás que se refire o artigo 16 do anteproxecto. Neste senso cómpre sinalar que, segundo prevé o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 (en diante, VII Plan de igualdade), é unha prioridade de actuación nas accións e políticas de Goberno da Xunta de Galicia, "Afianzar o principio de igualdade na actividade contractual e subvencional", mediante a introdución de criterios para a valoración positiva de aspectos favorecedores da igualdade de xénero nas convocatorias de axudas e subvencións públicas.

Así, á hora de conceder as subvencións e axudas públicas ás que se refire o artigo 16 do anteproxecto deberá terse en conta, tal e como sinala o VII Plan de igualdade, que a actividade subvencional constitúe un poderoso instrumento de acción das administracións públicas para contribuír á igualdade entre os sexos, cun efecto exemplarizante no conxunto da sociedade, para o cal será necesario introducir criterios relacionados coa promoción da igualdade no ámbito subvencional: cláusulas relativas ás condicións de desenvolvemento da actividade –en relación co proxecto obxecto da subvención, da axuda, ou do convenio no seu caso–, á consideración de criterios de igualdade na organización do proxecto –entre o persoal da organización/empresa–, etc.

**3 Responsabilidade social empresarial**

Estas mesmas consideracións deben terse en conta respecto das políticas de cooperación e colaboración, non só con outras administracións públicas, senón tamén con suxeitos de dereito privado, previstas no artigo 13 do anteproxecto (Colaboración co sector privado), para darlle unha maior prioridade ás empresas comprometidas coa igualdade, a partir da consideración do enfoque de xénero neste eido.

O VII Plan de igualdade de Galicia contempla dúas áreas estratéxicas que inciden na implementación das políticas de igualdade no ámbito da responsabilidade social empresarial. Por un lado, a área estratéxica 2, dedicada á "Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos", que sinala que é de vital

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e a laboral, recollendo as afirmacións do economista Michael Porter, segundo o cal "durante longo tempo pensábase que os obxectivos sociais eran distintos e ata competían cos de orde económica... Pero tal dicotomía é falsa. As empresas non funcionan de forma illada da sociedade que as rodea. Canto máis se relacione unha mellora social co negocio da empresa, máis conduce a que, á súa vez, se xere un beneficio económico". Así, o plan prevé como un dos seus obxectivos específicos: "Promover a implicación das empresas e das organizacións sindicais cara á implantación efectiva de medidas de conciliación da vida laboral, persoal e familiar e o uso corresponsable destas".

Pola súa banda, a área 3 dedícase á "Igualdade no emprego e na innovación" e, de novo, incídese en que a progresiva incorporación das mulleres no eido do emprego e das relacións laborais traduciuse nunha transformación substancial do mercado de traballo, no que as mulleres irromperon de forma imparable nas últimas décadas. Pero, a pesar da evolución crecente e imparable dos índices de incorporación laboral das mulleres, a realidade amosa que esta inserción se enfronta aínda a múltiples dificultades relacionadas coas funcións sociais diferenciadas que supostamente homes e mulleres teñen que desempeñar, dificultades que fan que o acceso a un traballo digno leve consigo un alto custo persoal.

Deste xeito, a responsabilidade social nas empresas pasa tamén por conseguir a igualdade, o que significa ofrecer condicións de traballo nas que se dea a igualdade efectiva, incidindo na medida das necesidades no sistema de selección, a promoción, as retribucións, a formación e a conciliación da vida profesional e privada.

**4 Utilización dunha imaxe e linguaxe inclusivas e non sexistas**

No capítulo III do título I recóllense as medidas en materia de estudo, sensibilización, formación e comunicación, regulándose no artigo 22 a sensibilización social en materia demográfica, no artigo 23 a formación no ámbito educativo, no artigo 24 a formación do persoal ao servizo do sector público autonómico e, por último, o artigo 25 refírese expresamente aos medios de comunicación social, como medio de transferencia á cidadanía do coñecemento en materia demográfica.

En relación con todas estas medidas é preciso ter en conta, tal e como recolle o artigo 13 do Decreto lexislativo 2/2015, que a Xunta de Galicia, non só a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, senón tamén a través daqueles en que participe ou aos cales subvencione,

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade (...)". Para iso, garantirase, entre outros aspectos, a utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes, especialmente no ámbito da publicidade.

Neste mesmo sentido, o VII Plan de igualdade sinala como unha das prioridades de actuación do goberno autonómico "Consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas", posto que "Unha gobernanza renovada, que aposte claramente pola integración do principio de igualdade de mulleres e homes, debe reflectirse nunha comunicación institucional que utilice unha linguaxe e imaxes inclusivas (...) que contribúan á transformación social, afastados de estereotipos sexistas configurados a partir dunha asignación de roles e valores diferenciados en función do sexo".

Así pois, é preciso velar pola transmisión, en todos os contidos que se difundan a través das campañas de sensibilización, educativas, de formación do persoal ou a través dos medios de comunicación, de imaxes igualitarias, non estereotipadas e que amosen a diversidade de mulleres e de homes e que non reproduzan estereotipos e roles sexistas, fomentando en todo momento a corresponsabilidade.

Neste senso, cómpre valorar positivamente o previsto no artigo 25.2 do anteproxecto de lei, segundo o cal:

> "A Administración autonómica potenciará acordos cos medios de comunicación para a realización de campañas de sensibilización sobre a conciliación, a corresponsabilidade, as consecuencias do cambio demográfico e a parentalidade positiva".

En relación co anterior debe recordarse o previsto no artigo 1.3 do Decreto lexislativo 2/2015, respecto do fomento da comprensión social da maternidade como unha función social, evitando facer recaer sobre as mulleres a responsabilidade das tarefas reprodutivas e de coidado, e visualizando a fecundidade e a natalidade como un problema de toda a sociedade, que lle afecta por igual a homes e a mulleres.

**5 Coeducación, igualdade e innovación**

No capítulo IV do título II, baixo a rúbrica "Apoio á mocidade", recóllense diferentes actuacións en materia de formación orientada ao mercado laboral, educación non formal, impulso ao

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



emprendemento, impulso da innovación, tecnoloxía e creatividade, así como o fomento do relevo xeneracional. En concreto, cómpre destacar o previsto no artigo 60, segundo o cal:

> "A Administración autonómica desenvolverá actuacións específicas dirixidas a fomentar as oportunidades de emprego das mozas e mozos, de forma especial, nos ámbitos ligados á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico, á creatividade e ás tecnoloxías da información e a comunicación, co obxecto de impulsar un ecosistema de emprego atractivo para a mocidade e que actúe de elemento tractor da economía de Galicia".

De acordo co VII Plan de igualdade, "nas complexas e dinámicas sociedades actuais, a xestión óptima do coñecemento pasa sen dúbida pola innovación e pola aposta decidida pola ciencia e a tecnoloxía. Xustamente no ámbito científico-tecnolóxico –de amplo recoñecemento social- é onde as mulleres teñen unha presenza aínda escasa, tal e como evidencian os datos de alumnado matriculado nesta rama e, consecuentemente, nos empregos a ela asociada", e identifica como causas desta situación a persistencia de patróns culturais, que reproducen roles e estereotipos de xénero e que seguen a incidir nas eleccións persoais e vocacionais dos mozos e mozas, así como a invisibilidade da experiencia e do saber das mulleres nos currículos e nos materiais escolares nas distintas etapas educativas.

Deste xeito, o plan establece a necesidade de traballar pola igualdade na educación e nos valores, tal e como esixe o artigo 17 do Decreto lexislativo 2/2015, no cal se recoñece tamén a garantía da coeducación. "A coeducación supón unha estratexia de intervención educativa intencionada, que parte da revisión das pautas sexistas da sociedade, cos obxectivos, por unha banda, de promover un desenvolvemento integral da persoa, libre da limitación imposta polos estereotipos de xénero, á vez que produce cambios no pensamento, nas actitudes e no comportamento, na visión e interpretación do mundo no alumnado. Por outra, implica previr, compensar ou erradicar as desigualdades por razóns de sexo e xénero".

En consecuencia, aplicando as anteriores consideracións á regulación contida no anteproxecto de lei, será preciso que en todas as actuacións que se realicen no ámbito formativo e educativo en materia de apoio á mocidade se teña en conta a necesidade de "educar en igualdade dende a diferencia", baseando esas actuacións no modelo de coeducación descrito anteriormente, rachando cos estereotipos de xénero tradicionalmente asociados a determinados estudos e traballos, de xeito que se promovan eleccións vitais, formativas e profesionais libres de condicionantes de xénero.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



Ao mesmo tempo, é necesario consolidar o enfoque de xénero e das mulleres na actividade científica, académica, tecnolóxica e da innovación, visibilizar o traballo, as contribucións e impulsar o recoñecemento das achegas das mulleres ao ámbito científico e tecnolóxico. Con iso, contribuirase á tan necesaria redución desa brecha existente no campo das ciencias e da tecnoloxía, cun efecto de retroalimentación nas vocacións das rapazas e mozas.

**6 A participación das mulleres no desenvolvemento rural**

No capítulo VI do título II do anteproxecto regúlase o marco necesario para o desenvolvemento equilibrado do territorio e o asentamento da poboación no medio rural e costeiro non urbano, facendo expresa referencia á consideración dos desequilibrios demográficos no artigo 72, segundo o cal:

> "As Administracións Públicas de Galicia, no deseño e desenvolvemento das súas políticas e servizos públicos, terán en conta o envellecemento da poboación residente no medio rural e costeiro non urbano así como *a descompensación existente en termos de sexo na poboación nova e adulta, introducindo as medidas necesarias para corrixir estes desequilibrios*".

A fixación de poboación no medio rural requirirá facilitarlle oportunidades de emprego para as mulleres residentes no rural. Neste senso, a Lei orgánica 3/2007 establece no seu artigo 30.3 que, no ámbito do desenvolvemento rural, as administracións públicas promoverán novas actividades laborais que favorezan o traballo das mulleres no mundo rural.

No mesmo sentido, o Decreto lexislativo 2/2015 regula no seu artigo 42 os dereitos das mulleres no desenvolvemento rural, sinalando que:

> "1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a eliminar a discriminación contra as mulleres en zonas rurais, coa finalidade de asegurar, en condicións de igualdade entre as mulleres e os homes, a súa participación nos beneficios dun desenvolvemento rural sustentable.
>
> 2. Para asegurar a participación das mulleres nos beneficios dun desenvolvemento rural sustentable, garántenselles os seguintes dereitos:
>
> a) A participación na elaboración, na decisión e na execución dos plans e das políticas de desenvolvemento rural a través das canles legais establecidas.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



b) A información de calquera das medidas públicas adoptadas de desenvolvemento rural con incidencia nos dereitos e deberes das mulleres.

c) A educación e a formación profesional, coa finalidade de aumentar as súas capacidades técnicas no exercicio das súas actividades.

d) O fomento público do cooperativismo e doutros sistemas de autoaxuda agraria coa finalidade de promover a igualdade de acceso das mulleres aos beneficios do desenvolvemento rural".

Por último, o artigo 43 fala da titularidade e cotitularidade das explotacións agrarias:

"A Xunta de Galicia adoptará as medidas necesarias para facilitarlles ás mulleres o acceso e mantemento da titularidade ou cotitularidade das explotacións agrarias".

A regulación prevista no Decreto lexislativo 2/2015 en relación á participación das mulleres no desenvolvemento rural debe ser tida en conta en relación ás medidas que se establecen no dito capítulo VI do título II do anteproxecto de lei, especialmente no relativo ao acceso á terra (artigo 84 do anteproxecto), e nos artigos 85 e seguintes.

En concreto, cómpre sinalar que son obxectivos específicos do VII Plan de igualdade de Galicia, "Impulsar a empregabilidade e o desenvolvemento profesional das mulleres rurais e do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico dos seus municipios", "Apoiar o empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión dos sectores económicos agrario, gandeiro e pesqueiro" e "Reducir a brecha dixital de xénero no acceso, coñecemento, tipo e intensidade de usos das tecnoloxías da información e a comunicación, con especial incidencia no ámbito rural".

**7 Envellecemento activo e saudable**

En relación ás políticas previstas no capítulo VII do título II en materia de envellecemento activo e saudable, hai que ter en conta que as mulleres teñen unha maior esperanza de vida que os homes, acusan problemas de saúde asociados ao envellecemento, á cronicidade, á discapacidade e a outros factores relacionados coa calidade de vida.

En consecuencia, será preciso desenvolver as políticas en materia de envellecemento activo con enfoque de xénero, de xeito que atendan á diversidade das mulleres e ás especificidades de todo o

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



seu ciclo vital, tendo en conta as diferentes situacións e necesidades de mulleres e homes: alimentación saudable, promoción da actividade física, prevención de desaxustes psicolóxicos, emocionais e de conduta, así como aspectos diferenciais de natureza biolóxica, psicolóxica, cultural, social e de saúde de mulleres e homes.

**8 Informe de impacto de xénero preceptivo para os instrumentos de planeamento en materia de impulso demográfico**

Ao longo do seu articulado, no texto do anteproxecto fálase de diferentes instrumentos de planeamento en materia de impulso demográfico, como son a Axenda Demográfica anual, cuxa aprobación lle corresponde ao Consello da Xunta de Galicia (artigo 17.a); a Estratexia Demográfica, cuxa elaboración lle corresponde á Comisión para o Impulso Demográfico (artigo 18.3.d) ou o Plan de apoio ás familias monoparentais (Disposición adicional terceira).

En relación a estes instrumentos de planificación, o VII Plan de igualdade dedica o seu capítulo I á integración do principio de igualdade nas políticas e accións de Goberno, e sinala que:

> "Tal e como establece o artigo 5 do Capítulo I do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, "coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia".
>
> Con esta definición de transversalidade, a Xunta de Galicia establece de xeito ineludible que a dimensión da igualdade de oportunidades debe integrarse na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións da súa competencia. Así, é no conxunto da planificación da Administración autonómica a primeira dimensión na que cómpre afianzar o principio de igualdade entre mulleres e homes durante os vindeiros anos.
>
> A utilización de instrumentos de planificación de carácter xeral e sectorial ten experimentado un considerable impulso nos últimos anos no marco da Administración

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



autonómica e do seu sector público, permitindo a mellora da eficacia da xestión. Non entanto, a consideración da perspectiva de xénero na elaboración e execución destes instrumentos pode intensificarse nas súas distintas fases, tendo en conta que a óptica de xénero debe incorporarse a todas as etapas do proceso planificador, desde o seu deseño, ata a súa execución e avaliación, incluíndo a medición do seu impacto na situación de mulleres e homes.

Para iso, nos próximos anos consolidarase a incorporación do enfoque de xénero e do principio de igualdade entre mulleres e homes nos distintos instrumentos de planificación da Administración Xeral e sector público autonómico, tanto de carácter xeral como sectorial, con especial incidencia naqueles ámbitos nos que sexan máis evidentes ás brechas de xénero. O seguimento e avaliación dos resultados de dita incorporación debe ser outra práctica sistemática que cómpre reforzar en todos os procesos e ámbitos de planificación".

Polo tanto, para garantir a efectiva aplicación transversal do principio de igualdade por razón de xénero respecto da política en materia de impulso demográfico, así como a integración da perspectiva de xénero no seu desenvolvemento, proponse que na elaboración dos diferentes instrumentos de planificación se conte coa participación do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade.

Ademais, se estes instrumentos finalmente son aprobados como unha norma con rango regulamentario, haberá que atender ao previsto no artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que regula a fase intermedia do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral:

"Cando o proxecto teña repercusións en cuestións de xénero, irá acompañado dun informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas que se establezan nel".

Proponse que no procedemento de elaboración e aprobación dos diferentes instrumentos de planificación ou de desenvolvemento regulamentario regulados no anteproxecto de lei se solicite o informe de impacto de xénero, tal e como establece o artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e o artigo 8 do Decreto lexislativo 2/2015.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



## 3 PRESENZA DE MULLERES NOS PROCESOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

O anteproxecto de lei que se somete a informe prevé entre os seus principios de actuación (artigo 5.h) o de "participación" e dedícalle expresamente o artigo 14 á regulación da participación cidadá:

> "1. A Administración autonómica garantirá a participación cidadá na elaboración dos seus instrumentos de planificación e na avaliación das políticas de impulso demográfico, mediante a realización dun trámite de consulta aberto á cidadanía en xeral e ás persoas e entidades especialistas na materia en particular.
> 2. Así mesmo, promoverase a participación das persoas destinatarias directas das políticas, incluíndo a nenos, nenas e adolescentes".

Valórase positivamente esa previsión e en relación coa mesma sinálase que esa participación da cidadanía debe producirse en condicións de igualdade dende o punto de vista do xénero.

De acordo con diferentes estudos sobre a materia, é posible afirmar que na actualidade existen aínda obstáculos para a participación real das mulleres nos procesos participativos da cidadanía, debido á división sexual do traballo no fogar ou á falta de tempo por superposición de actividades. Por iso é preciso reformular as ferramentas de intervención e as formas de traballo para garantir a efectiva participación das mulleres, de xeito que se poida dar a coñecer como é a súa experiencia diaria coa contorna na que habitan, rural ou urbana, e axudar a coñecer as súas necesidades e limitacións de cara a fomentar e implantar accións en favor da igualdade de oportunidades.

O citado artigo 14.1 sinala que "a administración autonómica garantirá a participación cidadá...". Dentro dese deber de garantía que lle corresponde á administración deberá terse en conta o dito anteriormente respecto da presenza de mulleres nos procesos de participación cidadá, o cal implicará contar nos ditos procesos con asociacións de mulleres, persoal técnico experto en temas de xénero, concellarías, unidades, áreas ou departamentos específicos en materia de igualdade. Ademais, será preciso darlle a estes procesos a maior difusión posible, de forma que poida chegar a todos os colectivos, e non só a aqueles implicados directamente na materia. Ademais, tamén haberá que extraer sempre datos e conclusións desagregados por sexos en calquera proceso participativo.

## 4 COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN E DAS ESTRUTURAS DE TRABALLO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



O artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015, que establece como criterio de aplicación do principio de transversalidade "O fomento dunha participación equilibrada das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres".

No mesmo sentido, o artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que consonte á disposición derradeira primeira constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todas as persoas no exercicio dos dereitos constitucionais, establece que "...os poderes públicos procurarán atender o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade que lles correspondan".

Tamén a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinala na súa disposición adicional primeira que "A Xunta, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades integrantes do sector público autonómico garantirán e promoverán, nos seus ámbitos de actuación, a aplicación do principio de igualdade en todas as súas manifestacións e, moi especialmente, no que afecta á igualdade por razón de sexo, e integrarán activamente, na súa organización e actividades, a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a todos os niveis".

Ademais, é un obxectivo do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentar a participación das mulleres en condicións de igualdade en todas as esferas da sociedade e incrementar a súa presenza nos ámbitos de decisión e influencia das estruturas sociais, políticas, económicas e profesionais, ao tempo que se potencia o seu liderado.

O anteproxecto de lei dedícalle o capítulo III do título I á organización administrativa, e no artigo 18 créase a Comisión para o Impulso Demográfico, como órgano de colaboración e cooperación da Administración autonómica, dos municipios e das deputacións provinciais de Galicia en materia de impulso demográfico, regulando a súa composición. No apartado 6 do artigo 18 indícase que "na proposta que se formule atenderase preferentemente a criterios de xénero", o cal debe ser valorado positivamente.

Pola súa banda, no artigo 19 créase a Comisión Técnica para o Impulso Demográfico, como órgano da Administración autonómica para a coordinación das políticas autonómicas de impulso demográfico

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



e para asegurar a aplicación transversal e a incorporación efectiva da perspectiva demográfica, regulando no apartado 3 do dito artigo a súa composición.

Recoméndase incluír no artigo 19 un apartado específico no que se estableza que "Na composición da comisión atenderase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes".

Tamén no artigo 20 se regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, que se configura como o órgano colexiado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o asesoramento, a colaboración institucional e a participación social no ámbito da demografía, e no apartado 2 indícase que "O réxime xurídico do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica será o previsto nesta lei e na súa norma de creación". Tamén na composición deste Observatorio se recomenda atender ao dito principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Por último, ademais de procurar a paridade nos órganos colexiados, tamén será preciso promover unha maior paridade e diversidade nos equipos técnicos que interveñan no deseño e elaboración dos distintos instrumentos de desenvolvemento da lei e da política en materia demográfica, só así se poderá acadar unha verdadeira visión integradora da perspectiva de xénero neste ámbito.

## 5 INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA E INCORPORACIÓN DE INDICADORES POR RAZÓN DE XÉNERO

O artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015 regula expresamente a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego sinalando que: "A totalidade das estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia desagregará os datos en atención ao sexo e en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas parentais e familiares. Da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade".

Así mesmo, os obxectivos informativos do artigo 6 do Plan Galego de Estatística 2017-2021, aprobado pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, comprenden as metas de información e a obriga de considerar a perspectiva de xénero, establecendo que "todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que recaden datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo".

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



No texto fálase en numerosos artigos da elaboración de estudos, memorias e de estatísticas; por exemplo, no artigo 9 cando fala do informe periódico e dos indicadores en materia demográfica; no artigo 18 cando fala da Estratexia Demográfica; a creación do Rexistro de Familias Monoparentais...

En consecuencia, será preciso efectuar sempre unha análise dos datos desagregados por sexos e incorporando indicadores por razón de xénero. Contar con datos desagregados por sexo permitirá un mellor deseño e planificación das políticas en materia de dinamización demográfica. Neste senso, o proceso de adaptación implicará definir un sistema de avaliación e de seguimento específico, así como revisar as estadísticas existentes para identificar os sesgos e omisións de xénero existentes e propor novas medidas para reducir eses sesgos e omisións.

## 6 UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

Os artigos 11 e 12 do Decreto lexislativo 2/2015 e a alínea 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determinan a utilización institucional dunha linguaxe non sexista.

No texto obsérvase o citado principio e, con carácter xeral, é respectuoso co emprego dunha linguaxe normativa non sexista, polo que só procede efectuar os seguintes comentarios puntuais ao respecto para evitar o uso das barras (o/a) que, se ben é correcto dende o punto de vista da linguaxe inclusiva, pode dificultar a lectura do texto.

Suxírese nestes casos empregar outras formas máis propias dunha linguaxe inclusiva:

- No artigo 3.i) proponse a seguinte redacción alternativa:

> "as persoas galegas e nacidas en Galicia que residindo fóra de España retornen á Comunidade Autónoma galega, *os seus cónxuxes* ou persoas con unión análoga á conxugal e *os fillos e as fillas* das ditas persoas...".

- No artigo 18.6, parágrafo segundo, proponse a seguinte redacción alternativa:

> "Cada deputación provincial contará cunha vogalía, que deberá recaer necesariamente a favor da persoa *a quen lle corresponda a presidencia da*

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/



*deputación ou que teña a condición de deputado ou deputada provincial,* correspondendo o resto de vogalías en representación das Administracións locais aos municipios, que deberán estar representados *pola persoa a quen lle corresponda a alcaldía ou que teña a condición de concelleiro ou concelleira municipal".*

- Para a disposición derradeira primeira, que modifica o Decreto 329/2005, proponse a seguinte redacción alternativa:

"b2) Persoal de apoio: En todos os centros deberá haber, cando menos, unha persoa de apoio á atención e coidado *dos nenos e das nenas* a cal, ademais das titulacións anteriores, poderá estar en posesión dalgunha das seguintes *titulacións técnicas: atención sociosanitaria, superior en animación sociocultural, coidados auxiliares de enfermaría; diplomatura en puericultura recoñecida* pola consellería de sanidade ou aqueloutras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro".

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que o proxecto normativo analizado é positivo, xa que contribuirá a acadar unha maior igualdade real e efectiva entre homes e mulleres e a reducir as desigualdades por razón de xénero a través das diferentes medidas que nel se contemplan para promover o impulso demográfico da poboación galega, sen prexuízo de ter en conta as consideracións efectuadas neste informe para unha mellor integración transversal do principio de igualdade por razón de xénero nas políticas de dinamización demográfica.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 545227 – Fax 981

galicia

N/REF: JMB/ras

**ASUNTO:** Informe do anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia.

Por nota interior do 16 de xullo, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, remítese solicitude de informe ao anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia. Xúntase coa dita solicitude o borrador do devandito anteproxecto de lei, a memoria explicativa e a memoria económica.

En relación có devandito anteproxecto, de conformidade co disposto no Decreto 111/1984, do 25 de maio, de regulamentación de réxime interior da Xunta de Galicia, esta dirección xeral emite o seguinte,

**INFORME**

I.-A Comunidade Autónoma de Galicia, xunto á competencia autonómica en materia de fomento e planificación da actividade económica de Galicia (artigo 30.1.Un do Estatuto de autonomía), as previsións do presente anteproxecto atopan o seu fundamento noutros títulos competenciais máis específicos entre os que procede salientar os relativos ao réxime local, á ordenación do territorio, urbanismo e vivencia, obras públicas, estradas, turismo, asistencia social e medio ambiente (artigo 27, números 2, 3, 7, 8, 21, 23 e 30, do Estatuto de autonomía de Galicia}; industria, agricultura e gandería (artigo 30. I. Dous e Tres do Estatuto de autonomía}, educación e sanidade (artigos 31 e 33 do Estatuto de autonomía} .

A Comunidade Autónoma de Galicia vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. Os trazos máis salientables da súa dinámica demográfica son, por unha parte, o incremento da esperanza de vida, e, por outra, a variación da fecundidade, que en Galicia diminuíu.

Entre as actuacións desenvolvida neste eido, cómpre destacar o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 que inclúe como obxectivo transversal a dinamización e a revitalización demográfica de Galicia. Para crear un ambiente social favorable para formar unha familia, engadíronse unha serie de medidas no Programa de apoio á natalidade, PAN Galicia, que ten como obxectivo o apoio integral ás familias a través de tres áreas de actuación: axudas, conciliación e servizos.

En virtude do anterior, o presente anteproxecto pretende sentar os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, mediante o establecemento dos principios e das liñas de actuación das Administración Públicas de Galicia e do conxunto de medidas que atinxen neste ámbito a estas, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

II.- En canto á estrutura formal do anteproxecto de Lei, estrutúrase en tres títulos (un título preliminar e dous títulos), cun total de 102 artigos,, tres disposicións adicionais, unha derrogatoria e seis disposicións derradeiras.

III- Respecto ao contido do anteproxecto de Lei, no que atinxe ás competencias desta Dirección Xeral, non se considera preciso facer ningunha indicación sobre o mesmo.

De conformidade co exposto, esta Dirección Xeral emite o presente informe ao anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 24/09/2019 13:10:50

CVE: z6F4gyaxO
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social remitiu a este centro directivo o 25/10/2019 para informe o **Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia, que substitúe aos remitidos anteriormente o 16/7/2019 e o 22/10/2019.** A versión do 22/10/2019 contén os cambios introducidos como consecuencia do trámite de información pública do anteproxecto, e a última foi remitida como consecuencia da incorporación de modificacións nos artigos 35 e 69.

A petición de informe fundaméntase no establecido no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

Na súa virtude, e tendo en conta as competencias deste centro directivo recollidas no artigo 41.2 do Capítulo VIII do Título III do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

## INFORME

PRIMEIRO

Tal e como consta na parte expositiva do anteproxecto de lei citado, a súa necesidade se fundamenta nas consecuencias do importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural que nas últimas décadas vén experimentando Galicia, que se traducen nunha estrutura demográfica avellentada e con problemas de renovación xeracional, e nun reparto na poboación no territorio que tende cada vez máis a concentrarse nas provincias occidentais, nas áreas urbanas o nos concellos litorais.

A Administración autonómica asume como unha das súas tarefas fundamentais de goberno a abordaxe do devalo demográfico e a xestión dos efectos que del se derivan, e é consciente da necesidade dunha abordaxe máis profunda dos efectos derivados do cambio demográfico e da oportunidade do momento actual para facelo.

As amplas repercusións que se derivan do cambio demográfico implican a necesidade de incorporar a perspectiva demográfica no deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas. Como consecuencia, a regulación contida nesta lei dítase ao abeiro de títulos competenciais autonómicos diversos, que atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para establecer unha regulación como a contida nesta lei, que sente os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, mediante o establecemento dos principios e das liñas de actuación das Administración Públicas de Galicia e do conxunto de medidas que atinxen neste ámbito a estas, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO

CVE: yFtaNhuLZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Esta Lei de impulso demográfico de Galicia ten o obxecto de servir como marco e orientación das actuacións en materia demográfica.

TERCEIRO

O anteproxecto de lei presentado a informe consta de 3 títulos, 10 capítulos, 106 artigos, 3 disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria e 5 disposicións derradeiras estruturadas do seguinte xeito:

- Un título preliminar, que recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de actuación, as definicións, os principios reitores e os de actuación. Consta de 6 artigos (do 1º ao 6º).

- Un Título I, sobre criterios de actuación e organización para o impulso demográfico. Consta dun Capítulo I -Carácter sistémico das políticas demográficas-, que consta de 11 artigos (do 7º ao 17º), un Capítulo II –Organización administrativa-, que consta de 4 artigos (do 18º ao 21º), e un Capítulo III –Estudo, sensibilización, formación e comunicación-, que consta de 5 artigos (do 22º ao 26º).

- Un Título II, sobre políticas públicas para o impulso demográfico. Consta dun Capítulo I –Criterios xerais-, que consta de 3 artigos (do 27º ao 29º), dun Capítulo II de apoio ás familias, que consta de 13 artigos (do 30º ao 42º), dun Capítulo III sobre conciliación da vida familiar, laboral e persoal, que consta de 16 artigos (do 43º ao 58º), dun Capítulo IV relativo ao apoio á mocidade, que consta de 6 artigos (do 59º ao 64º), dun Capítulo V sobre retorno e atracción do nova poboación, que consta de 9 artigos (do 65º ao 73º), dun Capítulo VI sobre equilibrio territorial, que consta de 24 artigos (do 74º ao 98º), dun Capítulo VII sobre envellecemento activo e saudable, que consta de 8 artigos (do 99º ao 106º).

- 3 disposicións adicionais.

- Unha disposición derrogatoria

- Unha disposición derradeira primeira, que modifica o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia; unha disposición derradeira segunda, que modifica o Título III da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, para introducir un novo artigo 40.bis; unha disposición derradeira terceira, que modifica a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia; unha disposición derradeira cuarta, que modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público; e unha disposición derradeira quinta, que

CVE: yPtdNhuLZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

modifica o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Unha vez analizado o texto do Anteproxecto de lei presentado pola Consellería de Política Social, e tendo en conta as competencias que lle corresponden a esta Dirección Xeral respecto da emisión de informe para as disposicións de carácter xeral, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o **Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia**

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2019

A directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Natalia Prieto Viso

Asinado por: PRIETO VISO, NATALIA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 05/11/2019 14:34:17

CVE: yPtdNhuLZ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Carlos Santos Guerrero, subdirector xeral de Servizos Sociais e Xestión Económica na Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, e secretario do Consello Galego de Benestar Social,

CERTIFICA:

1. Que o Pleno do Consello Galego de Benestar Social, na súa sesión extraordinaria do 31 de outubro de 2019, en relación co ***Anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia***, acordou, por 19 votos a favor, 0 en contra e 6 abstencións, a emisión do seguinte informe:

***"Informe sobre o anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia***

***1. ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN:***

*Galicia está a experimentar de cheo o fenómeno que se coñece como Segunda Transi-ción Demográfica, un proceso caracterizado polo paso de altas taxas de natalidade, que eran necesarias para asegurar a reposición poboacional, e unha igualmente eleva-da taxa de mortalidade, producida a todas as idades e, en especial, na etapa infantil e xuvenil, a unha natalidade reducida debido a que conseguen altas taxas de superviven-cia desde a infancia e desfrutan de longas traxectorias de vida. Esta situación, común a todos os países desenvolvidos, prolóngase dende os anos 70 do século pasado. Así pois, o actual réxime demográfico de Galicia, de modo parello ao de España e Europa, caracterízase polo envellecemento da estrutura por idades da súa poboación, ao ter una alta proporción de individuos en idades avanzadas.*

*Este envellecemento da estrutura por idades da poboación prodúcese nun contexto de caída da fecundidade, o que plantexa diferentes retos que requiren dunha resposta integral e coordinada dos poderes públicos e de toda a sociedade.*

*Esta situación agudízase nas áreas rurais de Galicia, que con intensidade variable e coa excepción das situadas no contorno das cidades e o Eixo Atlántico, veñen sufrindo un despoboamento xeneralizado, debido primeiro a unha acusada emigración cara ás áreas urbanas ou outras zonas de España e nos últimos tres decenios como conse-cuencia do saldo vexetativo.*

*Neste contexto é preciso articular unha resposta política coordinada que promova as condicións necesarias para que os galegos e galegas poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia e ter o número de fillos e fillas que desexen, ao tempo que se impulsa o asentamento de nova poboación no territorio, con especial énfase no rural. A esta finalidade responde a regulación que emana desta lei, que pretende acometer os desafíos derivados do cambio demográfico que está a vivir Galicia dende unha perspectiva sistémica, incorporando previsións que permitan acadar a súa sustentabilidade demográfica.*

*A norma dítase ao abeiro de títulos competenciais autonómicos diversos. Así, xunto á competencia autonómica en materia de fomento e planificación da actividade econó-mica de Galicia (artigo 30.1.Un do Estatuto de autonomía), as previsións da lei atopan o seu fundamento noutros títulos competenciais máis específicos entre os que procede salientar os relativos ao réxime local, á ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, obras públicas, estradas, turismo, asistencia social e medio ambiente (artigo 27, números 2, 3, 7, 8, 21, 23 e 30, do Estatuto de*

CVE: fCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*autonomía de Galicia); industria, agricultura e gandería (artigo 30.1. Dous e Tres do Estatuto de autonomía), educación e sanidade (artigos 31 e 33 do Estatuto de autonomía).*
*A Comunidade Autónoma de Galicia dispón, polo tanto, de competencia para estable-cer unha regulación como a contida nesta lei, que sente os fundamentos para o impul-so demográfico de Galicia, mediante o establecemento dos principios e das liñas de actuación das Administración Públicas de Galicia e do conxunto de medidas que atin-xen neste ámbito a estas, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

## 2. ASPECTOS QUE REGULA A LEI

*Esta lei consta dun total de 106 artigos e estrutúrase nun título preliminar, dous títulos, tres disposicións adicionais, unha derrogatoria e sete disposicións derradeiras.*

*O título preliminar recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de actuación, as definicións, os principios reitores e os de actuación. De forma especial faise fincapé nos principios de transversalidade, de colaboración e cooperación entre as diferentes Administracións Públicas de Galicia, e de participación da cidadanía e dos interlocutores sociais que deben guiar a planificación e o desenvolvemento de todas as políticas públicas en materia demográfica.*

*O título I divídese en tres capítulos. No capítulo primeiro establécense os criterios de actuación das Administracións Públicas de Galicia, destacando a obriga de incorporar a perspectiva demográfica en todas as súas políticas, en correspondencia co carácter sistémico que debe presidir a acción pública neste ámbito, o impulso da colaboración e cooperación dos diferentes niveis de administración, e a implicación do sector privado así como a participación cidadá. Cobra especial importancia neste senso o compromiso que asume a Administración autonómica de traballar conxuntamente co resto de Administracións públicas de Galicia, apoiando e impulsando as súas actuacións en materia demográfica.*

*No capítulo segundo regúlase a organización administrativa que se considera necesaria para unha maior efectividade desta lei, creando a Comisión para o Impulso Demográfico, como órgano de colaboración e cooperación das Administracións Públicas de Galicia en materia de impulso demográfico, e a Comisión Técnica para o Impulso Demográfico, como órgano da Administración autonómica para a coordinación das políticas autonómicas en materia demográfica. Preténdese reforzar e mellorar a coordinación inter e intra administrativa, incentivando a participación de todas as partes implicadas no deseño e aplicación de políticas públicas con impacto demográfico.*

*Finalmente, o capítulo terceiro está dedicado ao fomento do estudo, sensibilización, formación e comunicación en materia demográfica, e trata de impulsar as condicións para afondar no coñecemento da evolución da poboación e dos seus efectos, transferindo os resultados ao conxunto da cidadanía para contribuír á mellora da gobernanza e á implicación de toda a sociedade na abordaxe consensuada do reto demográfico.*

*O título II aborda as políticas públicas para o impulso demográfico, núcleo central da lei, e consta de sete capítulos.*

*O capítulo primeiro establece criterios xerais de actuación en materia de vivenda ou nas políticas activas de emprego desenvolvidas pola Administración autonómica e prevé a estandarización da*

CVE: ICXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*renda familiar coa finalidade de dar un trato equitativo aos diferentes tipos e situacións familiares.*

*O capítulo segundo regula o apoio ás familias. O seu obxectivo é o de apoiar e promover o libre desenvolvemento das familias e favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen. Con esta finalidade desenvólvense medidas como o incremento do investimento en políticas de familia, para a mellora da accesibilidade dos recursos de atención temperá e prestacións e axudas familiares por nacemento e adopción e para a mellora das vivendas, así como o apoio económico para o transporte e para o acceso á Educación Infantil 0-3 anos. Tamén se recolle a previsión de espazos e a reserva de aparcamento para as familias nos edificios de uso público, entre outras. Así mesmo, recóllese un apoio específico ás familias numerosas en atención á súa especial contribución á sociedade, dada a súa achega ao relevo xeracional.*

*A pretensión última deste capítulo é a de establecer un marco xurídico e financeiro estable e o desenvolvemento de actuacións integrais que garantan unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias. Así mesmo, consolida as políticas de igualdade ao integrar a perspectiva de xénero como panca do desenvolvemento social e económico e elemento tractor do impulso demográfico.*

*No capítulo terceiro abórdase a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, que, baixo o principio da asunción equilibrada das responsabilidades domésticas e de coidados e a superación dos roles e estereotipos de xénero, pretende impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade.*

*O capítulo cuarto pretende sentar as bases que garantan as condicións necesarias para que os mozos e mozas galegos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da nosa Comunidade, buscando reforzar as súas capacidades e habilidades e fomentar as súas oportunidades de emprego.*

*O capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na Comunidade autónoma. Con esta finalidade, impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración das novas persoas que se asenten en Galicia.*

*O capítulo sexto regula o marco necesario para o desenvolvemento equilibrado do territorio e o asentamento da poboación no medio rural e costeiro non urbano, impulsando a dotación de servizos relacionados coas súas necesidades específicas nos ámbitos do ensino, con especial referencia á formación profesional, da conciliación, da cultura, da atención ás persoas maiores ou con discapacidade, entre outros.*

*Merece especial atención o empeño e pretensión desta lei de impulsar as actividades económicas no medio rural e costeiro non urbano, máis aló do ámbito agroforestal e marítimo-pesqueiro, buscando unha modernización e diversificación da súa estrutura económica que garanta a*

CVE: fCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*sustentabilidade social, económica e medioambiental. Neste senso, faise especial fincapé na planificación e dotación das telecomunicacións, na aplicación da innovación e das tecnoloxías ás actividades económicas, no relevo xeracional, no acceso á terra e ás actividades marítimo-pesqueiras e na dotación de solo empresarial, entre outras políticas. Así mesmo, establécese un tratamento diferenciado en positivo que fomente novas iniciativas e consolide a actividade económica no rural e nas áreas costeiras non urbanas.*

*A posta en valor e o desenvolvemento sustentable e integrador do me-dio rural e costeiro non urbano é unha responsabilidade de toda a sociedade e, en consecuencia, esta lei pretende impulsar a súa implicación nesta tarefa, con especial referencia aos axentes económicos e organizacións con actividade en Galicia pola súa potencialidade na consecución deste obxectivo.*

*No capítulo sétimo abórdase a promoción do envellecemento activo e saudable, buscando a súa integración nas diferentes políticas públicas coa finalidade de asegurar o benestar durante todo o curso da vida, especialmente na vellez, e de promover, á súa vez, a participación das persoas maiores na sociedade, atendendo as situacións de soidade non desexada, visibilizando o seu papel como motor de cambio e contribuíndo ao seu empoderamento. Con esta pretensión, entre outras accións, impúlsase a aplicación das tecnoloxías neste ámbito e estimúlase a denominada economía do envellecemento, co obxecto de dar resposta ás necesidades e demandas das persoas maiores ao tempo que se aproveita a súa potencialidade, se reforzan os servizos de atención a domicilio, se pon en valor a súa experiencia e se fortalecen as relacións interxeracionais.*

*Polo que respecta ás tres disposicións adicionais, establécese nelas o mandato dun incremento mínimo do investimento nas políticas de familia do 50% sobre o aumento porcentual do gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma no prazo de 5 anos dende a entrada en vigor da lei e de elaboración dunha estratexia conxunta das Administracións públicas de Galicia para a ordenación e coordinación das políticas en materia demográfica e mais dun plan de apoio ás familias monoparentais.*

*Por último, cabe destacar a modificación levada a cabo en diferentes corpos normativos a través das disposicións derradeiras da lei.*

*A disposición derradeira primeira modifica o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia para flexibilizar os requisitos de titulación do persoal de apoio das escolas infantís nas franxas horarias de inicio e final da xornada sempre que se atenda un máximo de cinco nenos e nenas.*

*A disposición derradeira segunda modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, coa finalidade de crear do Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia, como órgano superior do Sistema Galego de Servizos Sociais para a análise e asesoramento nos conflitos éticos que se susciten na intervención social.*

*A disposición derradeira terceira, de modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual destas familias, introduce o mandato de creación dun Rexistro de Familias Monoparentais e recoñece dúas novas tipoloxías de familias de especial consideración, as familias en situación de especial vulnerabilidade económica e as familias vítimas de violencia de xénero, coa finalidade de que accedan ao trato preferente previsto para este grupo na dita lei.*



CVE: tCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*A disposición derradeira cuarta modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, coa finalidade de aliñar a contratación pública aos obxectivos de impulso demográfico establecidos nesta lei.*

*A disposición derradeira quinta, introduce no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, un novo dereito para as empresas que obteñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou dun distintivo equivalente, recoñecéndolles a máxima puntuación polas políticas empresariais en materia de conciliación que esta lei incentiva a través da contratación do sector público autonómico.*

*Tamén se recolle na parte final da lei a derrogación de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.*

## 3. TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

*Na tramitación e proceso de elaboración desta lei, en aplicación do principio de transparencia, posibilitouse a participación activa das distintas organizacións, así como dos cidadáns e cidadás, en diversas ocasións, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

*No mes de febreiro de 2019 realizouse o trámite de consulta pública previa, no que se ofreceu a oportunidade de facer suxestións xerais previas á publicación da norma, non téndose recibido ningunha achega ou suxestión ao respecto.*
*O 4 de xullo abriuse o trámite de información pública no portal de transparencia da Xunta de Galicia, anunciado no DOG do 3 de xullo, e concedeuse un prazo de 15 días hábiles para o envío de suxestións no que se recibiron un total de 336 alegacións presentadas por parte de 25 organizacións e/ou persoas físicas.*
*Estas achegas teñen unha orixe ampla e diversa, que abrangue tanto a sociedade civil como os axentes sociais e os partidos políticos, participando no proceso persoas físicas a título individual, asociacións e organizacións relacionadas directa e indirectamente coa materia regulada, axentes do terceiro sector, da economía social, etc, e céntranse, na súa inmensa maioría, en aspectos concretos do anteproxecto cara a súa mellora, abundando no xa recollido, facendo propostas de cambios de redacción, ampliando o alcance do regulado ou apuntando diversas actuacións de carácter executivo para as que a norma proporciona, sen condicionar, un marco de desenvolvemento.*
*Froito da avaliación do contido e adecuación das alegacións presentadas xunto coa revisión que este proceso implicou do texto inicialmente presentado, téñense introducido suxestións, tanto de carácter formal, que melloran a súa claridade, homoxeneidade e precisión, como de contido, que modulan o alcance dalgúns dos ámbitos previamente regulados. Así, téñense modificado un total de 29 artigos e 4 disposicións e engadíronse 4 novos artigos e unha disposición (ver Anexo).*
*As principais modificacións realizadas no texto da norma son as seguintes:*

- *Incluír en canto á Administración local, a consideración do esforzo económico en función da capacidade económica de cada concello, a fin de que o desenvolvemento das políticas de impulso demográfico conten coa participación de todos e de cada un na medida das súas posibilidades. Tamén identificar o fondo específico destinado ao equilibrio territorial.*

CVE: ICXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Referencia expresa ao acompañamento da oferta formativa de instrumentos facilitadores do acceso a ela dos grupos máis vulnerables, nomeadamente das persoas que teñen persoas ao seu cargo.*
- *Inclusión de programas de recuperación de vivendas baleiras.*
- *Promoción da colaboración da administración local no apoio ás familias monoparentais.*
- *Establecer expresamente que as prestacións e axudas se fixarán atendendo á situación familiar e ao número de fillos e fillas e para recoller tamén que, en determinadas circunstancias e para as situacións de especial vulnerabilidade, estas se poderán manter ata un ano máis.*
- *Aplicar un trato diferenciado a familias con nenos/as ou persoas dependentes e en especial para as familias numerosas e monoparentais nas axudas para a mellora das vivendas.*
- *Incluír previsións tendentes ao establecemento de bonificacións para o transporte regular entre localidades e no eido local e de liñas regulares ou a demanda entre medio rural e urbano, así como o aumento de transportes adaptados.*
- *Facer explícito no texto legal o obxectivo da universalización da educación infantil 0-3 anos*
- *Ampliar ata a maioría de idade dos fillos/as do persoal do sector público autonómico para o acceso á flexibilidade horaria e no caso de ter fillos ou fillas con incapacitación xudicial ou discapacidade que necesiten asistencia a cargo non establecer límite de idade. Permitir gozar da flexibilidade horaria ás mulleres vítimas de violencia de xénero.*
- *Establecer expresamente que os programas de acollemento de persoas refuxiadas e inmigrantes se adaptarán ás necesidades específicas do medio rural.*
- *Promover o consumo do produto de proximidade nos servizos propios das Administracións públicas de Galicia.*
- *Evidenciar que a teleasistencia avanzada será accesible e adaptada ás circunstancias específicas das persoas usuarias e que atenderá especialmente ás persoas con menos recursos e en situación de dependencia.*
- *Someter a informe do Parlamento de Galicia a Estratexia de Impulso Demográfico con carácter previo á súa aprobación.*

*Así mesmo engadíronse 4 novos artigos e unha nova disposición derradeira cos seguintes contidos:*
*- Recoller de forma expresa e separada a participación do terceiro sector social nas políticas de impulso demográfico.*
*-Avanzar na dotación de servizos de conciliación nos centros de traballo da Administración autonómica e promover esta dotación no resto de administracións públicas de Galicia.*
*- Garantir a accesibilidade dos recursos de atención temperá.*
*- Incluír o mandato de elaboración dunha estratexia de prevención e abordaxe integral da soidade non desexada.*
*- Crear o Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia.*

*Consta no expediente un informe completo no que se analizan todas as alegacións presentadas no trámites de información pública, coa expresión dos motivos da aceptación ou non de cada unha delas e a relación de persoas e/ou organizacións que as enviaron.*

### 4. <u>PROPOSTA-DITAME DO CONSELLO GALEGO DE BENESTAR SOCIAL</u>

*Considérase procedente o presente anteproxecto de lei, polo que se informa favorablemente para continuar coa súa tramitación.*

CVE: tCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

***ANEXO***

***MODIFICACIÓNS DO TEXTO CONSECUENCIA DO TRÁMITE DE ALEGACIÓNS***

- *Letra c) do artigo 3. Definicións*

*c)Impulso demográfico: conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea; que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Letra e) do artigo 4. Principios reitores*

*e)Equilibrio territorial, a través dunha ordenación equilibrada do territorio que garanta o acceso equitativo ás oportunidades e aos servizos públicos e corrixa as desigualdades entre os diferentes territorios de Galicia e, particularmente, a polarización entre o medio rural e urbano.*

- *Letra d) do artigo 6. Principios específicos en materia de familia*

*d)Equidade. As políticas de apoio ás familias asegurarán que todas elas se beneficien e teñan oportunidades para mellorar ou manter a súa situación de benestar. Darase especial atención a aquelas familias con nenos e nenas en situación de vulnerabilidade pola súa situación de exclusión social ou pobreza económica, a súa pertenza a minorías étnicas, a súa discapacidade, ou por ser parte doutras familias de especial consideración como son as familias monoparentais, as familias numerosas ou as familias vítimas de violencia de xénero.*

- *Número 2 do artigo 12. Apoio ás Administracións locais*

*2. Dentro dos criterios de reparto do Fondo de Cooperación Local incluirase o esforzo orzamentario dos concellos en materia demográfica e, para estes efectos, poderase crear nel un fondo específico destinado ao equilibrio demográfico territorial.*

- *Números 1 ao 4 do artigo 16. Contratación*

*1. O sector público autonómico galego deseñará e articulará a súa estratexia en materia de contratación pública tendo en conta os principios de desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable recollidos nesta lei.*

*2. Para estes efectos, coa finalidade de proporcionar unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual e unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos, de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en toda a contratación do sector público autonómico incorporaranse de maneira transversal e preceptiva criterios sociais e medioambientais que garden relación co obxecto do contrato, nos termos previstos no artigo 145 da dita lei.*

*3. En desenvolvemento do expresado nos números anteriores, procurarase, mediante a súa inclusión nas prescricións técnicas, nos criterios de adxudicación ou nas condicións de execución do contrato, que as obras, produtos e servizos que se adquiran, así como os procesos ou*



CVE: tCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*procedementos que se utilicen neles, cumpran requisitos determinados e características específicas de tipo social e medioambiental, preferentemente aqueles relacionados coa igualdade de xénero, o comercio xusto, a agricultura, a xestión forestal, a gandería e a pesca ecolóxica e sustentable e os que garantan o cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro.*

*4. En particular, os órganos de contratación introducirán criterios de adxudicación cualitativos, vinculados ao obxecto do contrato, referidos ás políticas empresariais en materia de igualdade no proceso específico de produción, prestación ou comercialización das obras, subministracións ou servizos, preferentemente aqueles referidos aos plans de igualdade de xénero que se apliquen, á loita contra a discriminación salarial por razón de sexo e ao fomento da contratación feminina.*

- *Número 1 do artigo 17. Axudas e subvencións públicas*

*1. O sector público galego deseñará e articulará a súa estratexia en materia de axudas e subvencións públicas tendo en conta os principios de promoción da igualdade de xénero, desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable recollidos nesta lei.*

- *Número 9 do artigo 19. Comisión para o Impulso Demográfico*

*9. A Comisión para o Impulso Demográfico terá autonomía orgánica e funcional para o exercicio das súas funcións e establecerá as súas normas de funcionamento interno, podendo crear grupos de traballo para a abordaxe concreta dalgunha área relacionada co obxecto desta lei.*

- *Número 3 do artigo 20. Comisión Técnica para o Impulso Demográfico*

*3. A Comisión Técnica para o Impulso Demográfico estará presidida pola persoa titular do órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica e formará parte dela unha persoa en representación de cada consellería, que deberá ocupar un posto con nivel mínimo de subdirección xeral.*
*As funcións de secretaría da comisión serán exercidas por unha persoa funcionaria ao servizo do órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de dinamización demográfica.*
*Na composición desta comisión atenderase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.*

- *Número 2 do artigo 22. Estudo en materia demográfica*

*2. O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica realizará e divulgará estudos, informes e traballos que resulten de interese dende o punto de vista demográfico. A este respecto elaborará e publicará un informe anual do custo da crianza e educación dos fillos e fillas ata a súa emancipación.*
*O dito informe servirá de referencia ás Administracións públicas galegas para o deseño das súas políticas en materia demográfica, que se adaptarán progresivamente en función das dispoñibilidades orzamentarias á realidade económica das familias en Galicia.*

- *Número 1 do artigo 27. Políticas activas de emprego*

*1.A Administración autonómica, dentro das súas políticas activas de emprego e respectando a normativa estatal aplicable, poñerá en marcha programas específicos orientados á incorporación no mercado laboral galego da mocidade, das familias con fillas e fillos en situación de desemprego ou con baixa intensidade de emprego, da poboación retornada e da que se asente*



CVE: tCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*por primeira vez en Galicia e fomentará a adopción de instrumentos que faciliten o acceso á formación profesional para o emprego no ámbito laboral para aquelas persoas que teñan que exercer responsabilidades de coidado.*

- *Número 4 do artigo 28. Apoio no acceso e á permanencia na vivenda*

*4. Nos programas de acceso á vivenda, a Administración autonómica fomentará a mobilización de vivendas baleiras e a rehabilitación edificatoria facilitando o asentamento da poboación en réxime de compra ou alugueiro.*

- *Números 1 e 2 do artigo 31. Prestacións e axudas familiares por nacemento e adopción*

*1. A Administración autonómica garantirá o apoio económico ás familias nas que se produza un nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo, coa finalidade de colaborar nos gastos derivados destas circunstancias mediante a concesión de prestacións e axudas familiares, e se ampliarán en función da situación económica familiar e o número de fillos e fillas, como mínimo, ata que o neno ou nena cumpra 3 anos.*

*2. As familias en situación de especial vulnerabilidade poderán manter as prestacións e axudas previstas neste artigo ata un ano mais nos casos nos que o solicitaran e non tiveran acceso a calquera outro recurso de protección social.*

- *Artigo 34. Axudas para a mellora das vivendas*

*A Administración autonómica promoverá programas de axudas destinados á mellora da habitabilidade das vivendas, ao aforro e eficiencia enerxética así como á rehabilitación integral e á mellora da accesibilidade, contemplando un trato diferenciado para as familias con nenos, nenas ou persoas en dependencia, e en especial para as numerosas e monoparentais.*

- *Número 3 do artigo 37. Selo para establecementos amigables coas familias*

*3. Este distintivo será outorgado pola consellería competente en materia de familia e avalará a accesibilidade, seguridade e confort dos servizos que o establecemento ofrece ás familias.*

- *Número 1 do artigo 39. Espazos para as familias nos edificios de uso público*

*1. As Administracións Públicas de Galicia preverán nos novos edificios de uso público da súa titularidade a existencia de espazos específicos para a lactación dotados con cambiadores para o aseo dos nenos e nenas con accesibilidade segura e autónoma e desenvolverán programas para adaptar os edificios de uso público da súa titularidade xa existentes para que conten con estes espazos.*

- *Número 1 do artigo 40. Reserva de aparcamento para as familias*

*1. Nos novos edificios de uso público, tanto de titularidade pública como privada, que conten con prazas de aparcamento deberán existir prazas especialmente adaptadas para as necesidades das familias con fillos e fillas menores de doce anos e das mulleres en estado avanzado de xestación. Dentro destas reservas de aparcamento, que se situarán próximas aos accesos ás áreas comúns con accesibilidade segura e autónoma, un mínimo do 10 por cento das prazas destinaranse ás familias numerosas.*

- *Número 1 do artigo 47. Educación infantil 0-3 anos*

*1. A Administración autonómica, co obxecto de avanzar na universalización e gratuidade da educación infantil 0-3 anos, promoverá unha dotación suficiente de prazas e os recursos para*

CVE: tCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil a esta etapa educativa.*

- *Artigo 50. Impulso da flexibilidade*

*1. A Administración autonómica, promoverá a posibilidade de acollerse á flexibilidade horaria a todo o persoal do sector público autonómico con fillos e fillas ou persoas acollidas menores de idade.*
*Tamén impulsará a súa utilización polas empregadas públicas que se atopen nunha situación de violencia de xénero, polo persoal con fillos e fillas maiores incapacitados xudicialmente e por aquel que conviva con persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade e que necesiten de asistencia.*

*2. Así mesmo, fomentará e estenderá o uso de medidas de flexibilidade espacial tales como a mobilidade xeográfica ou de área, así como a utilización de tecnoloxías que permitan a conciliación e, nomeadamente, a fórmula do teletraballo.*

- *Números 1e 2 do artigo 51. Bolsa de horas de libre disposición*

*1. A Administración autonómica establecerá unha bolsa de horas de libre disposición dirixida á atención de responsabilidades de coidado de fillos ou fillas menores de idade, persoas maiores que convivan no fogar e que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas e persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, nos termos que en cada caso se determinen.*

*2. Esta bolsa de horas tamén poderá establecerse para a súa utilización nos seguintes supostos:*
- *Persoal empregado público con fillos ou fillas maiores incapacitados xudicialmente.*
- *Mulleres que se atopen nunha situación de violencia de xénero.*
- *Persoal empregado público que se atope nun proceso de nulidade, separación ou divorcio desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, de ser o caso, desde a citada solicitude.*

- *Nova ubicación do artigo 67. Incorporación ao sistema educativo (ampliación do ámbito, pasando a afectar a todo o capítulo)*

*1. A Administración autonómica adoptará, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para facilitar a incorporación ao sistema educativo do alumnado que, por proceder do estranxeiro, se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo.*

*2. As consellerías competentes en materia de educación e política social, en colaboración cos concellos, poderán establecer programas de benvida e acollida que faciliten a incorporación deste alumnado.*

- *Artigo 72. Inclusión social*

*A Administración autonómica impulsará o desenvolvemento de programas comunitarios de acollida ás persoas que se asenten en Galicia para facilitar a súa integración, apoiando ás entidades que realizan labores de atención a persoas inmigrantes, refuxiadas ou solicitantes de protección internacional. Estes programas de acollemento terán en conta as necesidades específicas no medio rural.*

- *Artigo 73. Formación para o emprego*



CVE: fCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*A Administración autonómica establecerá as bases que permitan o deseño e a implantación áxil de programas de formación profesional para o emprego no ámbito laboral para dar resposta ás necesidades específicas que poidan presentar o mercado laboral galego e as persoas que se pretende atraer para a súa integración nel.*

- *Número 1 do artigo 78. Mobilidade*

*1. A Administración autonómica articulará unha rede de transportes e comunicacións que garanta a mobilidade e a conexión, preferentemente diaria, da poboación e permita o pleno desenvolvemento da vida persoal, familiar e profesional en todo o territorio galego. Neste senso, procurarase o establecemento de liñas de transporte regular ou a demanda entre o medio rural e costeiro non urbano e o urbano, así como o aumento do número e as posibilidades de solicitude e acceso de transportes adaptados.*

- *Número 2 do artigo 88. Impulso das actividades agroforestais*

*2. Así mesmo, desenvolverá a figura dos polígonos agroforestais ou calquera outra de xestión conxunta, como fórmulas de dinamización económica do medio rural.*

- *Número 2 do artigo 89. Sustentabilidade das actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras*

*2. Con esta finalidade, aproveitaranse as capacidades de asentamento de poboación e de redistribución económica que posúen as actividades produtivas que se localizan no medio rural e a pesca costeira artesanal e o marisqueo, apostando, para tal fin, pola recuperación de terras abandonadas ou infrautilizadas e a xestión activa e multifuncional do agro galego así como polo impulso das actividades desenvolvidas nos portos de competencia autonómica do medio costeiro non urbano.*

- *Número 2 do artigo 90. Diversificación da actividade económica*

*2. Para os efectos do previsto no número anterior, a Administración autonómica desenvolverá programas específicos que inclúan, entre outras medidas, o asesoramento e titorización e liñas de axuda e de financiamento, e que impulsen o emprendemento individual e colectivo, dándolle prioridade ás entidades ou persoas emprendedoras que se establezan en municipios de menos de 10.000 habitantes.*

- *Artigo 92. Innovación e tecnoloxía no medio rural e costeiro non urbano*

*A Administración autonómica impulsará de forma específica a xeración e transferencia de coñecemento ligado ao tecido produtivo do medio rural e costeiro non urbano, aproveitando os programas europeos existentes ou calquera outro, coa finalidade de establecer liñas de axuda e de financiamento para o desenvolvemento dun ecosistema de i+D+i que actúe de elemento tractor do tecido agroindustrial e marítimo-pesqueiro así como da diversificación da actividade económica no medio rural e costeiro non urbano.*

- *Número 3 do artigo 96. Apoio ao comercio de proximidade*

*3. As Administracións Públicas de Galicia promoverán o consumo de produtos de proximidade nos servizos de alimentación dos establecementos da súa titularidade ou sostidos con fondos públicos.*

- *Número 3 do artigo 100. Tecnoloxía aplicada ao envellecemento activo e saudable*

*3. En concreto impulsarase o desenvolvemento da teleasistencia avanzada, como unha ferramenta que facilite a atención e o coidado ás persoas maiores que vivan soas, especialmente*

CVE: ICXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*ás que teñan menos recursos e ás dependentes, establecendo unha rede dixital de acompañamento e seguridade no fogar, nas actividades da vida diaria e con especial atención á detección de casos de soidade non desexada, cun sistema tecnolóxico accesible e adaptado ás circunstancias específicas das persoas usuarias.*

- *Disposición adicional segunda. Estratexia de impulso demográfico*

*A Comisión para o Impulso Demográfico elaborará, no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei, unha estratexia conxunta para a ordenación e coordinación das políticas das Administracións públicas de Galicia en materia demográfica que se someterá a informe do Parlamento de Galicia con carácter previo á súa aprobación.*

- *Disposición adicional terceira. Plan de apoio ás familias monoparentais*

*A Xunta de Galicia elaborará, no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei, un plan de apoio ás familias monoparentais coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.*

- *Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia*

*Modifícase o apartado 2 do artigo 27 que queda redactado como segue:*
*"a) Ratios*
*a1) Ratio de alumnado*
*A capacidade máxima das unidades será a seguinte:*
*- Unidades para nenos e nenas menores de 1 ano: 8 prazas*
*- Unidades para nenos e nenas de 1 a 2 anos: 13 prazas*
*- Unidades para nenos e nenas de 2 a 3 anos: 20 prazas*
*No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos e as nenas poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:*
*-Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos: 10 prazas*
*-Grupos formados por nenos e nenas de ata 3 anos: 15 prazas*

*a2) Ratio de persoal*
*O centro deberá contar, como mínimo, con tanto persoal de atención educativa como número de unidades en funcionamento. Este persoal deberá ter a titulación indicada no apartado b1).*
*Ademais durante todo o horario de funcionamento do centro deberá haber, como mínimo, unha persoa de apoio á atención e coidado das nenas e nenos. Este persoal deberá ter a titulación indicada no apartado b2). Cando no centro haxa 5 ou menos nenas e nenos, as funcións de apoio poderán ser desempeñadas por calquera outro persoal.*
*b) Titulación do persoal.*
*O persoal dedicado a funcións educativas e de atención directa aos nenos e as nenas deberá estar en posesión das seguintes titulacións:*
*b1) Persoal de atención educativa:*
*- Grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre ou mestra de educación infantil, ou titulacións declaradas equivalentes.*
*- Técnico ou técnica superior de Educación Infantil ou titulacións declaradas equivalentes.*

CVE: tCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*En todo caso, a elaboración e seguimento da proposta pedagóxica do centro estarán baixo a responsabilidade dun ou dunha profesional coa titulación de Grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre ou mestra de educación infantil, ou titulacións declaradas equivalentes.*
*b2) Persoal de apoio:*
*O persoal de apoio deberá estar en posesión das seguintes titulacións técnicas:*
*- Atención a persoas en situación de dependencia*
*- Superior en animación sociocultural e turística*
*- En coidados auxiliares de enfermaría.*
*- Cualificación profesional de educación infantil*
*- En puericultura recoñecida pola Consellería competente en materia de sanidade.*
*- Aqueloutras declaradas como equivalentes ás anteriores ou recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.*
*b3) Outro persoal.*

*O centro deberá contar con persoal para prestar o servizo de comedor, no seu caso, e poderá contar con outro persoal de limpeza ou servizos xerais."*

- *Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia*

*A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, queda modificada como segue:*
*Un. Engádense as letras g) e h) ao artigo 9 coa seguinte redacción:*
*"g) As familias en situación de especial vulnerabilidade económica*
*h) As familias vítimas de violencia de xénero"*

*Dous. Modifícase o artigo 13, que queda redactado como segue:*
*"1. Para os efectos desta lei, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:*
*a) Os homes ou mulleres que afrontan a maternidade ou a paternidade en solitario.*
*b) As familias formadas por un cónxuxe viúvo/a e os fillos e fillas.*
*c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.*
*2. Para os efectos previstos neste artigo, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla:*
*a) As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.*
*b) O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.*
*3. A Administración autonómica creará, no prazo de seis meses, un Rexistro de Familias Monoparentais e determinará os requisitos e os medios de acreditación da dita condición."*
*Tres. Engádense dúas novas seccións ao capítulo II do título I, coa seguinte redacción:*
*"Sección 6ª bis. Familias en situación de especial vulnerabilidade económica*
*Artigo 17 bis Concepto*
*Para os efectos desta lei, considéranse familias en situación de especial vulnerabilidade económica aquelas que se atopan nunha probada situación de necesidade, como son as perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ou aquelas outras que perciben prestacións ou rendas do traballo que non superen o 125% dos límites equivalentes da RISGA que lles serían de aplicación segundo a composición da unidade de convivencia.*

CVE: tCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*Sección 6ª ter. Familias vítimas de violencia de xénero*
*Artigo 17 ter. Concepto*
*Teñen a consideración de familias vítimas de violencia de xénero, para os efectos desta lei, aquelas nas que conviva algunha muller ou menor vítima de violencia de xénero, acreditado por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*
*Para estes efectos teñen a consideración de vítima de violencia de xénero os fillos e fillas menores dunha muller vítima desta violencia, así como os e as menores suxeitos á súa tutela, garda ou custodia."*
*Catro. Modifícase a letra f) do artigo 18 que queda redactada como segue:*
*"f) No ámbito económico, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de axudas ou beneficios fiscais na área das súas competencias."*

***NOVOS ARTIGOS E DISPOSICIÓNS CONSECUENCIA DO TRÁMITE DE ALEGACIÓNS***

- *Artigo 14. Colaboración do terceiro sector social*

*As Administracións Públicas de Galicia promoverán a participación do terceiro sector social nas accións de impulso demográfico para fortalecer o recoñecemento e o exercicio efectivo dos dereitos sociais, mellorar o coñecemento e a cobertura das necesidades da poboación mais vulnerable e avanzar nunha sociedade cohesionada e inclusiva.*

- *Artigo 32. Accesibilidade dos recursos de atención temperá*

*A Administración autonómica garantirá que todas as familias que residan en Galicia con fillos ou fillas con trastornos no desenvolvemento, ou en risco de padecelos, teñan accesibles recursos de atención temperá que faciliten a súa autonomía persoal e inclusión social.*

- *Artigo 52. Recursos de conciliación*

*A Administración autonómica avanzará na implantación de servizos de conciliación nos seus principais centros de traballo e promoverá a dotación destes recursos no resto das Administracións públicas de Galicia.*

- *Artigo 105.- Prevención e atención da soidade non desexada*

*A Administración autonómica aprobará, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, universidades e o Terceiro sector social, unha estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada.*

- *Disposición derradeira segunda. Creación do Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia.*

*Modifícase o Título III da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, para introducir un novo artigo 40.bis, coa seguinte redacción:*
*"1. Autorízase á Xunta de Galicia para a creación do Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia, como órgano superior do Sistema Galego de Servizos Sociais para a análise e asesoramento nos conflitos éticos que se susciten na intervención social. O dito comité configurarase como un órgano colexiado, sen personalidade xurídica propia, de carácter consultivo e interdisciplinar. A creación efectiva deste órgano materializarase mediante Decreto do Consello da Xunta de Galicia, que desenvolverá a regulación da súa composición, funcións e réxime de funcionamento.*

CVE: ICXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*2. O Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia adscribirase ao departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de servizos sociais.*
*3. Este comité exercerá as súas funcións asesoras con plena autonomía e sen dependencia funcional de ningún outro órgano".*

2. Que, na dita sesión extraordinaria do 31 de outubro de 2019 do Pleno do Consello Galego de Benestar Social, e tamén en relación co Anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia, o vogal D. José Manuel Maceira Blanco, representante da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), manifestou que esta entidade consideraba que se debían revisar os artigos 16 e 55, relativos á introdución de criterios sociais na contratación do sector público autonómico, para que quedasen recollidas de forma explícita as seguintes cuestións:

   -Artigo 16: respecto dos criterios de adxudicación cualitativos regulados no número 4, solicita que estes se puideran referir non só a plans de igualdade de xénero, senón tamén a medidas a prol da igualdade de xénero que se apliquen por parte das empresas.

   -Artigo 55: solicita que o establecemento dos criterios referidos ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato sexa conforme co previsto no artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais a consideración da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, o Certificado de Empresa Familiarmente Responsable ou calquera outro certificado unicamente como medio de acreditación da existencia e o cumprimento dos plans de igualdade ou conciliación.

E para que conste asino este certificado, co visto e prace do vicepresidente, en Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital.

Vº e prace
O Director xeral de Inclusión Social e
Vicepresidente do Consello Galego de Benestar Social

Arturo Parrado Puente

Asinado por: SANTOS GUERRERO, CARLOS
Cargo: Subdirector xeral de Servizos Sociais e Xestión Económica
Data e hora: 28/11/2019 14:17:50

Asinado por: PARRADO PUENTE, ARTURO
Cargo: Director Xeral de Inclusión Social
Data e hora: 28/11/2019 14:38:06

CVE: fCXB2r2wd6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

29/11/19

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00

galicia

## ANTEPROXECTO DE LEI ...../2019 DO...DE...., DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

### MEMORIA COMPLEMENTARIA

Na reunión do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 31 de outubro de 2019 a persoa representante da Confederación de Empresarios de Galicia manifestou que esta entidade consideraba que se debían revisar os artigos 16 e 55, relativos á contratación do sector público autonómico, para que quedasen recollidas de forma explícita as seguintes cuestións:

-Artigo 16: respecto dos criterios de adxudicación cualitativos regulados no número 4, que se puideran referir non só a plans de igualdade de xénero senón tamén a medidas a prol da igualdade de xénero que se apliquen por parte das empresas.

-Artigo 55: a necesidade de que o establecemento dos criterios referidos ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato sexa de acordo co previsto no artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e mais a consideración da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, o Certificado de Empresa Familiarmente Responsable ou calquera outro certificado unicamente como medio de acreditación da existencia e o cumprimento dos plans de igualdade ou conciliación.

Considerando axustadas estas peticións en orde a que o texto da norma recolla expresamente previsións tendentes a garantir a non discriminación da pequena e mediana empresa coa súa entrada en vigor, procédese á revisión e modificación destes dous artigos para incluír os aspectos mencionados.

En consecuencia, vense afectadas tamén a disposición derradeira terceira de modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, á que se engade un punto cinco para modificar o número 4 do artigo 29 da dita lei, e mais a disposición derradeira quinta do anteproxecto, pola que se modifican o número 4 do artigo 67 e mais a letra c) do artigo 75 o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro. Con esta nova redacción harmonízanse os contidos das dúas normas cos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e co dos artigos 16 e 55 desta lei.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Mª Amparo González Méndez

Asinado por: GONZALEZ MENDEZ, MARIA AMPARO
Cargo: Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Data e hora: 29/11/2019 11:43:59

CVE: 1xUq1niPb3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

29/11/19

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

galicia

# TÁBOA DE VIXENCIAS

O Consello da Xunta de Galicia ten previsto aprobar o anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia.

A aprobación desta lei modifica:

- O número 2 do artigo 27 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- O Título III da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, para introducir un novo artigo 40.bis.
- Os artigos 9, 13. 18 e 29 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Así mesmo, engade dúas novas Seccións ao capítulo II do Título I.
- O artigo 25 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público. Así mesmo, engádese un novo artigo 25 bis.
- O número 4 do artigo 67 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Así mesmo, derroga todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Mª Amparo González Méndez

Xacobeo 2021

Asinado por: GONZALEZ MENDEZ, MARIA AMPARO
Cargo: Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Data e hora: 29/11/2019 11:43:59

CVE: qMy2muQwS2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

galicia

*Ref.- ifb/sxro*
*2254*

## INFORME DE SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

| | |
|---|---|
| **SECCIÓN:** CONSELLERIA DE POLÍTICA SOCIAL | **DATA ENTRADA:** 22/10/2019 |
| **NORMA/PLAN:** LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO | |
| **OBXECTO:** Establecer os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, favorecendo un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren Galicia como o lugar idóneo para vivir, establecerse e desenvolver un proxecto familiar. | |
| **DATA DE RECEPCIÓN DOS DERRADEIROS DATOS ECONÓMICOS:** 29/11/2019 | |

### Impacto económico

Os gastos derivados das actuacións derivadas desta lei acadan un importe no período 2020/2023 de 3.117.750.836,76 €, sendo o gasto estimado para a anualidade 2020, o seguinte:

| | **2020** |
|---|---|
| Capítulo I | 589.387,00 |
| Capítulo II | 100.177.874,85 |
| Capítulo IV | 372.758.059,00 |
| Capítulo VI | 135.721.498,00 |
| Capítulo VII | 157.035.286,65 |
| Capítulo VIII | 29.591.058,00 |
| **Totais** | **795.873.163,50** |

En canto ao resto das anualidades (2021/2023) teñen encaixe no escenario orzamentario plurianual.

Asinado por: MIGUEL CORGOS LOPEZ PRADO
Data e hora: 02/12/2019 10:34:18
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003, do 19 de decembro, de firma electrónica. A súa autenticidade pódese comprobar polos medios asociados á sinatura PAdES ou polo Código Seguro de Verificación no enderezo www.conselleriadefacenda.es
cfdcd73caf3a33f233a3251839499bad7c73ac99

Xacobeo 2021

*SECRETARÍA XERAL TÉCNICA*
CONSELLERIA DE POLÍTICA SOCIAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

galicia

*Ref.- ifb/sxro*
*2254*

**Financiamento dos custos**

As actuacións contidas na Lei de Impulso Demográfico teñen financiación no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 nas seguintes aplicacións orzamentarias orzamentarias:

| Aplicación | Capítulo | Aplicación | Capítulo | Aplicación | Capítulo | Aplicación | Capítulo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 04.30.312C | cap. I, II e IV | 10.20.422M | cap. IV | 13.03.312A | cap. IV | 15.03.422K | cap. IV e VI |
| 04.A1.571A | cap. II, IV e VII | 10.30.422M | cap. IV | 13.04.312D | cap. II e IV | 15.03.723A | cap. VII |
| 05.11.312G | cap. IV e VI | 10.30.423A | cap. IV e VII | 13.04.312E | cap. II, IV, VI e VII | 15.03.723C | cap. VII |
| 07.83.451B | cap. IV e VII | 10.40.561B | cap. IV e VII | 13.05.312F | cap. IV | 15.05.412A | cap. IV |
| 08.02.423A | cap. II | 11.20.432B | cap. VI | 13.05.313A | cap. II e IV | 15.71.412A | cap. IV |
| 08.02.512A | cap. IV | 11.40.151A | cap. IV e VI | 14.05.551A | cap. VI | 27.01.412A | cap. IV |
| 08.A1.512B | cap. IV, VI e VII | 11.A2.761A | cap. VI e VII | 14.A1.712A | cap. VII | 32.01.412A | cap. IV |
| 09.20.733A | cap. IV | 13.01.311A | cap. VI | 15.01.412A | cap. IV | 36.01.412A | cap. IV |
| 09.A1.741A | cap. IV, VI, VII e VII | 13.02.312B | cap. IV e VII | 15.02.723A | cap. VII | 36.03.412A | cap. IV |
| | | | | | | 50.01.412A | cap. VI |

*Fundamento normativo:*
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 6 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
Artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
Artigo 42.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

INFORME: **Favorable,** por ter encaixe no marco financeiro vixente.

Santiago de Compostela
O director xeral de Planificación e Orzamentos
Miguel Corgos López-Prado

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00

galicia

# ANTEPROXECTO DA LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

## MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA



Xacobeo 2021

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA

O artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establece que a formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans ou programas de actuación de contido económico-financeiro, requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financeira que avalíe axeitadamente os custos que esas propostas poidan representar e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivarse un incremento do gasto público.

En consecuencia, elabórase a presente memoria en relación coa tramitación por parte da Xunta de Galicia do anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia tendo en conta o previsto na Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións.

Esta memoria será obxecto de remisión á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para a emisión do correspondente informe de carácter preceptivo no relativo aos efectos deste anteproxecto de lei sobre o gasto público.

Co seu contido, dáse cumprimento ao esixido nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo decreto 111/1984, do 25 de maio, así como no artigo 12.1 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, e na Orde do 3 de marzo de 2011, sobre a documentación esixida da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación, por parte da Xunta de Galicia.

### 1. ANTECEDENTES

A Comunidade Autónoma de Galicia vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. Os trazos máis salientables da súa dinámica demográfica, compartidos co resto de España, Europa e os países desenvolvidos, e incardinados na denominada segunda transición demográfica, son, por unha parte, o incremento da esperanza de vida, e, por outra, a variación da fecundidade, que en



Xacobeo 2021

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Galicia diminuíu, como en todas as sociedades avanzadas nos últimos sesenta anos, pero aquí de forma máis rápida e acusada. Así, aínda que a fecundidade das mulleres galegas xa foi baixa en relación coa das españolas dende o século XIX, entra en fase depresiva nas últimas tres décadas, con valores particularmente reducidos.

Esta redución da fecundidade relaciónase moi directamente coa paulatina prolongación da etapa de xuventude, consecuencia das dificultades que atopa a mocidade na transición á vida adulta. A este respecto son expresivos o retraso na entrada no mercado de traballo, o emparellamento tardío e a progresivo incremento da idade media á primeira maternidade.

No caso de Galicia, ademais, a estrutura da poboación permanece aínda afectada polos intensos procesos migratorios do século pasado, que minoraron notablemente o crecemento real da poboación e repercutiron directamente no comportamento de todas as variables demográficas, dando como resultado unha estrutura demográfica avellentada e, a día de hoxe, con problemas de renovación xeracional.

A esta complexa situación engádese un reparto da poboación no territorio que tende cada vez máis a concentrarse nas provincias occidentais, nas maiores áreas urbanas e nos concellos litorais, ao que se une a fragmentación e dispersión dos asentamentos poboacionais: Galicia conta con 3 771 das 4 907 entidades colectivas que hai en España, con máis de 30 000 entidades singulares, que supoñen preto da metade das existentes no Estado, e máis da metade dos diseminados.

Así mesmo, as variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno migratorio e de inmigración non son capaces de compensar os balances negativos do crecemento vexetativo, así como que volve a recobrar importancia a emigración.

Asistimos, polo tanto, a un cambio na dinámica e estrutura demográfica que ten efectos importantes a nivel humano, social, cultural, económico político e medioambiental, e que supón un dos maiores retos aos que debe enfrontarse Galicia nos próximos anos. O cambio nos comportamentos reprodutivos, a maior esperanza de vida da poboación, as pautas de conformación das familias e a distribución da poboación no territorio, así como o impacto das migracións, forman parte dun mesmo proceso de carácter sistémico do que é preciso tomar conciencia e articular as medidas oportunas para xestionalo con éxito.



Xacobeo 2021

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xestionar con éxito o reto demográfico ao que se enfronta Galicia implica adoptar novos enfoques e traballar de xeito conxunto e con visión de futuro, tanto o sector público autonómico como as administracións locais e os axentes económicos e sociais. É necesario un compromiso estratéxico que permita establecer medidas estables a medio e longo prazo. Esta Lei de impulso demográfico de Galicia ten o obxecto de servir como marco e orientación das actuacións en materia demográfica.

As amplas repercusións que se derivan do cambio demográfico traen como consecuencia que a regulación contida nesta lei sexa de carácter transversal e, polo tanto, ditada ao abeiro de títulos competenciais autonómicos diversos. Así, xunto á competencia autonómica en materia de fomento e planificación da actividade económica de Galicia (artigo 30.1.Un do Estatuto de autonomía), as previsións da lei atopan o seu fundamento noutros títulos competenciais máis específicos entre os que procede salientar os relativos ao réxime local, á ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, obras públicas, estradas, turismo, asistencia social e medio ambiente (artigo 27, números 2, 3, 7, 8, 21, 23 e 30, do Estatuto de autonomía de Galicia); industria, agricultura e gandería (artigo 30.1. Dous e Tres do Estatuto de autonomía), educación e sanidade (artigos 31 e 33 do Estatuto de autonomía).

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón, polo tanto, de competencia para establecer unha regulación como a contida nesta lei, que sente os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, mediante o establecemento dos principios e das liñas de actuación das Administración Públicas de Galicia e do conxunto de medidas que atinxen neste ámbito a estas, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. ESTUDO ECONÓMICO

A Lei de impulso demográfico de Galicia ten como finalidade favorecer un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren Galicia como o lugar idóneo para vivir, para establecerse e, se así o desexan, ter fillas e fillos e desenvolver o proxecto familiar que libremente escollan.



Xacobeo 2021

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Para acadar esta finalidade fíxase como obxectivo estratéxico a creación de contornos que favorezan que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto vital e familiar en Galicia, obxectivo, que á súa vez, desprégase nos seguintes obxectivos operativos:

-Establecer un marco xurídico e financeiro estable que garanta a atención das necesidades das familias e facilite que estas poidan ter os fillos e fillas que desexen.

-Promover as condicións necesarias para que os mozos e mozas galegos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da nosa Comunidade.

-Favorecer o retorno a Galicia da poboación galega emigrada e a atracción de nova poboación.

-Impulsar a dotación de infraestruturas e servizos e as actividades económicas para o mantemento da poboación xa existente e asentamento de nova poboación no rural.

-Promocionar o envellecemento activo e saudable e a denominada economía do envellecemento.

Para conseguir os obxectivos anteriores, xunto con medidas concretas, a lei introduce a obriga de incorporar a perspectiva demográfica en todas as políticas das Administracións Públicas de Galicia, en correspondencia co carácter sistémico que debe presidir a acción pública neste ámbito, impulsando a colaboración e cooperación dos diferentes niveis de administración e a implicación dos interlocutores sociais e do sector privado así como a participación cidadá.

O anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia introduce a necesidade de identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados de todas as normas e políticas públicas no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico. Dado que todas as consellerías operan dun xeito sectorial ou parcial os obxectivos de dinamización demográfica, esta previsión na práctica traerá como consecuencia o aliñamento cos principios e obxectivos desta lei de todas as normas e programas que xa están implantados, reorientando aqueles que sexa preciso.

Os principais programas que nutrirán as políticas activas de impulso demográfico determinan unas necesidades orzamentarias de 3.117.750.836,76 € nos exercicios económicos 2020, 2021, 2022 e 2023.



CVE: 8JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, dentro do necesario respecto ao principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a norma prevé a posta en marcha de novas medidas, que suporán un incremento global do investimento en políticas de familia de 120.399.935,72 euros nos exercicios económicos 2020, 2021, 2022 e 2023. O financiamento deste incremento realizarase conforme á seguinte programación orzamentaria:

| ORZAMENTO | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| NOVAS ACTUACIÓNS | 23.725.742,00 € | 31.475.088,00 € | 32.533.285,00€ | 32.665.820,72€ | 120.399.935,72€ |

## 3. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A lei consta dun total de 106 artigos e estrutúrase nun título preliminar, tres disposicións adicionais, unha derrogatoria e sete disposicións derradeiras.

### 3.1. Disposicións xerais.

O título preliminar recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de actuación, as definicións, os principios reitores e os de actuación. De forma especial faise fincapé nos principios de transversalidade, de colaboración e cooperación entre as diferentes Administracións Públicas de Galicia, e de participación da cidadanía e dos interlocutores sociais que deben guiar a planificación e o desenvolvemento de todas as políticas públicas en materia demográfica.

As previsións deste título non establecen actuacións que poidan supoñer custo económico.

### 3.2. Criterios de actuación e organización para o impulso demográfico

O título I divídese en tres capítulos. No capítulo primeiro establécense os criterios de actuación das Administracións Públicas de Galicia, destacando a obriga de incorporar a perspectiva demográfica en todas as súas políticas e o compromiso que asume a Administración



Xacobeo 2021

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

autonómica de traballar conxuntamente co resto de Administracións públicas de Galicia, apoiando e impulsando as súas actuacións en materia demográfica.

No capítulo segundo regúlase a organización administrativa que se considera necesaria para unha maior efectividade da lei. Preténdese reforzar e mellorar a coordinación inter e intra administrativa, incentivando a participación de todas as partes implicadas no deseño e aplicación de políticas públicas con impacto demográfico.

Finalmente, o capítulo terceiro está dedicado ao fomento do estudo, sensibilización, formación e comunicación en materia demográfica, e trata de impulsar as condicións para afondar no coñecemento da evolución da poboación e dos seus efectos, transferindo os resultados ao conxunto da cidadanía para contribuír á mellora da gobernanza e á implicación de toda a sociedade na abordaxe consensuada do reto demográfico.

Na práctica as previsións contidas neste título significarán, por unha banda, dotar de perspectiva demográfica as actuacións que ordinariamente vén desenvolvendo a Administración autonómica e, por outra, actuacións no marco do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e da acción ordinaria da consellería con competencias en dinamización demográfica, polo que tampouco este capítulo implicará un custo económico adicional nin incremento do gasto público.

### 3.3. Políticas públicas para o impulso demográfico

O título II aborda as políticas públicas para o impulso demográfico, núcleo central da lei, e consta de sete capítulos.

O capítulo primeiro establece criterios xerais de actuación en materia de vivenda ou nas políticas activas de emprego desenvolvidas pola Administración autonómica e prevé a estandarización da renda familiar coa finalidade de dar un trato equitativo aos diferentes tipos e situacións familiares. A norma incorpora deste xeito a perspectiva demográfica nas políticas de vivenda e nas políticas activas de emprego, o que non pode considerarse que comporte un incremento do gasto público. Respecto da estandarización da renda debe ser obxecto de

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

desenvolvemento regulamentario polo que neste momento non é posible cuantificar o seu custo económico.

O capítulo segundo regula o apoio ás familias e, neste sentido, recolle a mellora da accesibilidade dos recursos de atención temperá e prestacións e axudas familiares por nacemento e adopción, axudas ás familias máis vulnerables e para a mellora das vivendas, así como o apoio económico para o transporte e para o acceso á Educación Infantil 0-3 anos. Tamén recolle un apoio específico ás familias numerosas, en atención á súa especial contribución á sociedade, e a previsión de dotación progresiva dos medios necesarios para proporcionar asistencia sanitaria á reprodución.

Pola súa parte, o capítulo terceiro aborda a conciliación da vida familiar, laboral e persoal para impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade.

Deste xeito a sección primeira deste capítulo prevé que todas as familias que residan en Galicia teñan accesible un recurso de conciliación de calidade para a atención dos fillos e fillas menores de 3 anos e das persoas dependentes. Así mesmo establece a posibilidade de financiamento de servizos de conciliación pola Administración autonómica e que esta promoverá unha oferta de recursos de conciliación no período estival e o achegamento dos recursos de conciliación aos lugares de traballo. Finalmente establece a promoción dunha dotación suficiente de prazas de educación infantil 0-3 anos e a adaptación progresiva dos horarios das escolas infantís 0-3 anos aos horarios laborais xunto co avance na atención das necesidades puntuais de conciliación.

Polo que se refire ás seccións segunda e terceira do capítulo terceiro, establecen un novo marco regulador para que a maternidade e a paternidade non penalicen o desenvolvemento dunha carreira profesional e avanzar na conciliación, previsións que non comportan custos adicionais nin, polo tanto incremento do gasto público.

Así mesmo, a sección terceira establece accións de información, asesoramento e titorización ás empresas para a implantación de medidas de conciliación e prevé a posibilidade de establecer liñas de axuda ás empresas para colaborar nos gastos derivados da dita implantación así como ás persoas traballadoras para facilitar a conciliación. Todas estas actuacións xa se están a desenvolver na actualidade, polo que non suporán novos custos.



Xacobeo 2021

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O capítulo cuarto pretende sentar as bases que garantan as condicións necesarias para que os mozos e mozas galegos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da nosa Comunidade, buscando reforzar as súas capacidades e habilidades e fomentar as súas oportunidades de emprego. Así, recolle previsións tendentes a mellorar o axuste entre formación, mercado laboral e potencialidades do territorio, a reforzar as capacidades e habilidades transversais da mocidade e a fomentar a súa participación en programas de voluntariado; establece incentivos e axudas específicas para a creación de empresas ou para o autoemprego e medidas de formación, asesoramento e seguimento que permitan a consolidación e a mellora da competitividade dos proxectos empresariais da xente nova, promovendo a innovación, tecnoloxía e creatividade e o relevo xeracional.

Todas estas actuacións xa se están realizando na actualidade, sendo a pretensión da lei buscar maiores sinerxías entre elas, pero en todo caso non suporán custos adicionais.

O capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na Comunidade autónoma. Con esta finalidade, impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recolle previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración dos e das galegas retornados e das novas persoas que se asenten en Galicia.

Ao igual que sucedía co capítulo anterior, estas actuacións xa se están realizando na actualidade, sendo a pretensión da lei buscar maiores sinerxías entre elas e o seu aliñamento cos obxectivos de impulso demográfico, pero en todo caso non suporán custos adicionais.

O capítulo sexto regula o marco necesario para o desenvolvemento equilibrado do territorio e o asentamento da poboación no medio rural e costeiro non urbano, impulsando a dotación de servizos e a diversificación das actividades económicas. Neste senso, prevese que toda a cidadanía teña accesibles os servizos básicos de carácter educativo, sanitario, social e cultural con independencia do seu lugar de residencia, o impulso da investigación e a implantación de novas fórmulas de prestación de servizos á cidadanía amparadas nas tecnoloxías da información. Igualmente recóllense previsións dirixidas a facilitar a mobilidade e a extensión das



Xacobeo 2021

CVE: 5uxM2Kd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

redes de telecomunicacións a todo o territorio, a aplicar a innovación e as tecnoloxías ás actividades económicas e a avanzar na oferta dunha Formación Profesional que responda ás necesidades e potencialidades dos territorios e facilite a incorporación da mocidade ao mercado laboral en condicións adecuadas no seu ámbito xeográfico máis próximo.

Así mesmo a lei pon o acento no relevo xeracional, no acceso á terra e ás actividades marítimo-pesqueiras, no uso das novas tecnoloxías para a transformación e a comercialización dos produtos derivados das actividades económicas no rural e da pesca e da acuicultura, na dotación de solo empresarial e no fomento do turismo sustentable e inclusivo, entre outras políticas. Así mesmo, establece un tratamento diferenciado en positivo que fomente novas iniciativas e consolide a actividade económica no rural e nas áreas costeiras non urbanas, cun réxime de incentivos ao investimento ou de bonificacións impositivas autonómicas, coa finalidade de fomentar novas iniciativas empresariais neste ámbito.

Unha vez máis trátase de incorporar a perspectiva demográfica para reorientar ou buscar maiores sinerxías entre actuacións que xa se están realizando na actualidade e que, en todo caso, non suporán custos adicionais.

No capítulo sétimo abórdase a promoción do envellecemento activo e saudable, buscando a súa integración nas diferentes políticas públicas coa finalidade de asegurar o benestar durante todo o curso da vida, especialmente na vellez, e promover, á súa vez, a participación das persoas maiores na sociedade, atendendo as situacións de soidade non desexada. Con esta pretensión, entre outras accións, impúlsase a aplicación das tecnoloxías neste ámbito e estimúlase a denominada economía do envellecemento, co obxecto de dar resposta ás necesidades e demandas das persoas maiores ao tempo que se aproveita a súa potencialidade, se reforzan os servizos de atención a domicilio, se pon en valor a súa experiencia e se fortalecen as relacións interxeracionais.

### 3.4. Disposicións adicionais

Polo que respecta ás tres disposicións adicionais, establécese na primeira delas unha garantía de sostemento do gasto co mandato dun incremento mínimo do investimento nas políticas de familia do 50% sobre o aumento porcentual do gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma no prazo de 5 anos dende a entrada en vigor da lei.



Xacobeo 2021

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A segunda e a terceira prevén respectivamente a elaboración dunha estratexia conxunta das Administracións públicas de Galicia para a ordenación e coordinación das políticas en materia demográfica e mais dun plan de apoio ás familias monoparentais. Estas dúas actuacións dotaranse co orzamento que proceda ao abeiro das partidas orzamentarias vinculadas á aprobación desta lei.

### 3.5. Disposicións derradeiras

A disposición derradeira primeira modifica o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia para flexibilizar os requisitos de titulación do persoal de apoio das escolas infantís nas franxas horarias de inicio e final da xornada sempre que se atenda un máximo de cinco nenos e nenas.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, coa finalidade de crear o Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia, como órgano superior do Sistema Galego de Servizos Sociais para a análise e asesoramento nos conflitos éticos que se susciten na intervención social.

A disposición derradeira terceira, de modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual destas familias, introduce o mandato de creación dun Rexistro de Familias Monoparentais, recoñece dúas novas tipoloxías de familias de especial consideración, as familias en situación de especial vulnerabilidade económica e as familias vítimas de violencia de xénero, coa finalidade de que accedan ao trato preferente previsto para este grupo na dita lei, e actualiza a valoración contractual das políticas empresariais en materia de conciliación ás previsións da presente lei.

A disposición derradeira cuarta modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, coa finalidade de aliñar a contratación pública aos obxectivos de impulso demográfico establecidos nesta lei.



Xacobeo 2021

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00



A disposición derradeira quinta, modifica o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, para, por unha banda, eliminar a preferencia das empresas cun plan de igualdade ou en posesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade na adxudicación dos contratos sempre que as súas proposicións igualen ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación, en consonancia co novo escenario que regula a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que permite outras alternativas de maior incidencia e relevancia para a valoración das políticas empresariais en materia de igualdade, e, por outra banda, para recoller unha remisión expresa á valoración das políticas empresariais en materia de conciliación que a presente lei incentiva a través da contratación do sector público autonómico.

Ningunha delas comporta custos económicos nin, polo tanto, incremento do gasto público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

María Amparo González Méndez

**Asinado por:** GONZALEZ MENDEZ, MARIA AMPARO
**Cargo:** Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
**Data e hora:** 29/11/2019 12:55:27

CVE: 9JxMZKd1J9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve